

# PROXECTO EDUCATIVO DO CEIP A MAÍA

## CONTIDO

<b>INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>4</b>
<b>ANÁLISE SITUACIONAL.....</b>	<b>7</b>
<b>CONTEXTUALIZACIÓN DENDE O PUNTO DE VISTA NORMATIVO.....</b>	<b>7</b>
<b>A. LEIS MARCO.....</b>	<b>7</b>
<b>B. LEXISLACIÓN BÁSICA .....</b>	<b>7</b>
<b>C. IMPLANTACIÓN E INSTRUCIÓNS ORGANIZATIVAS .....</b>	<b>9</b>
<b>D. CURRÍCULO.....</b>	<b>10</b>
<b>E. AVALIACIÓN.....</b>	<b>10</b>
<b>ANÁLISE DO ENTORNO CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CENTRO .....</b>	<b>12</b>
<b>INFRAESTRUTURA DO CENTRO.....</b>	<b>13</b>
<b>DEPENDENCIAS DO CENTRO .....</b>	<b>15</b>
<b>RELACIÓNS CENTRO-ENTORNO:.....</b>	<b>17</b>
<b>XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO.....</b>	<b>21</b>
<b>INTERRELACIÓN ESCOLA-FAMILIA.....</b>	<b>21</b>
<b>VALORES,OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN.....</b>	<b>24</b>
<b>A ESCOLA QUE PRETENDEMOS .....</b>	<b>24</b>
<b>SINAIS DE IDENTIDADE .....</b>	<b>26</b>
<b>MODELO DE XESTIÓN.....</b>	<b>35</b>
<b>OBXECTIVOS E FINALIDADES EDUCATIVAS.....</b>	<b>37</b>
<b>FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS .....</b>	<b>37</b>
<b>FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS DOS DIFERENTES ÁMBITOS .....</b>	<b>38</b>
<b>VALORES, OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN.....</b>	<b>42</b>

<b>OFERTA EDUCATIVA E DE SERVIZOS E SOLUCIÓNS ORGANIZATIVAS.....</b>	<b>49</b>
<b>OFERTA EDUCATIVA E DE SERVIZOS.....</b>	<b>49</b>
<b>PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO.....</b>	<b>50</b>
<b>USO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO .....</b>	<b>51</b>
<b>PLAN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS .....</b>	<b>53</b>
<b>ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.....</b>	<b>55</b>
<b>EQUIPO DIRECTIVO (ARTIGO 131 DA LOE).....</b>	<b>55</b>
<b>ÓRGANOS COLEXIADOS.....</b>	<b>55</b>
<b>ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.....</b>	<b>60</b>
<b>PROFESORADO. AS SÚAS FUNCIÓNS .....</b>	<b>74</b>
<b>PROFESORES TITORES.....</b>	<b>75</b>
<b>PROFESORES ESPECIALISTAS E NON TITORES. FUNCIÓNS .....</b>	<b>78</b>
<b>PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.....</b>	<b>83</b>
<b>ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS.....</b>	<b>85</b>
<b>ASPECTOS CURRICULARES.....</b>	<b>87</b>
<b>EDUCACIÓN INFANTIL.....</b>	<b>87</b>
<b>EDUCACIÓN PRIMARIA: .....</b>	<b>116</b>
<b>DECISIÓN DO CENTRO SOBRE OS DEBERES ESCOLARES.....</b>	<b>133</b>
<b>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES OFERTADAS PARA INFANTIL E PRIMARIA .....</b>	<b>135</b>
<b>OUTROS DOCUMENTOS QUE CONFORMAN O PROXECTO EDUCATIVO.....</b>	<b>136</b>

## INTRODUCCIÓN

O Proxecto Educativo (PE) é un instrumento para a xestión coherente co contexto escolar que enumera e define as notas de identidade do centro, formula os obxectivos que se pretenden e expresa a estrutura organizativa do centro.

No PE hai que ter en conta as variables que nos permitan contextualizar a Comunidade Educativa.

Consideramos imprescindibles o contexto socioeconómico e cultural, as peculiaridades dos/as alumnos/as así como as concepcións educativas que pais e profesores mantemos para dotar ao Centro cun estilo propio, cos seus sinais de identidade, coa finalidade de garantir a coherencia na formación do noso alumnado.

Neste proxecto establecemos as intencións educativas para os alumnos de Educación Infantil e Primaria. Estas intencións iranse determinando e detallando ao longo do proceso educativo sendo conscientes de que o van condicionar por responder a propósitos e finalidades que a sociedade asigna á escola no ámbito máis xeral dos valores e das actitudes, co carácter pluralista da sociedade.

A normativa legal na que se apoia o PE atópase na LOE (Ley Orgánica 2/2006, de 3 de agosto, de educación), no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se regula e aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21/10/96) e na Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se determinan aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG 02/09/1997).

A mencionada Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), no seu artigo 121 matiza os aspectos que se deben recoller no PE:

- Os valores, obxectivos e prioridades de actuación
- As características do entorno social e cultural do centro.
- A concreción curricular que aprobe o claustro.

- O tratamento transversal das áreas da educación en valores e outras ensinanzas.
- Forma de atender á diversidade do alumnado.
- O plan de acción titorial (PAT).
- O Plan de Convivencia

Ademais, tendo en conta o artigo DECRETO 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, e partindo da análise das necesidades educativas específicas dos alumnos, das características do contorno escolar e das do centro, fixará os obxectivos, prioridades e procedementos de actuación, e incluirá:

- a. A organización xeral do centro
- b. Os fins e as intencións educativas
- c. Os obxectivos do centro tendentes a lograr a normalización lingüística
- d. A adecuación ao contexto do centro dos obxectivos xerais das etapas que se imparten
- e. O Regulamento de réxime interior do centro.
- f. A oferta do centro en canto a actividades e servizos.
- g. As formas de colaboración e participación entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- h. As formas de colaboración e intercambio cultural cos servizos sociais e educativos do concello e outras institucións.

A pesar de que na LOE non se cita o NOF (documento que establece a forma democrática de organización que adopta cada centro tomando como base os dereitos e obrigas que lle corresponden a cada integrante da comunidade educativa), tendo en conta a normativa vixente (Decreto 374/1996), este debe incorporarse ao PE<sup>1</sup>.

De acordo coa normativa vixente referente á orientación debe de incorporarse o Plan de Orientación do centro, ademais do Plan de Acción Titorial (PAT), o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD).

Así mesmo e tendo en conta o Decreto 1/2007, do 28 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, deben incluírse o

Proxecto Lector e o Plan de introdución das Tecnoloxías da Información e da Comunicación. Amparándose no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo tamén debe de incluírse o PLC.

Especificar que a formulación máis xeral das intencións educativas baséase no artigo 27.2 da Constitución Española, así como nos principios recollidos no Capítulo I da LOE.

Estas intencións artículanse a través dos seguintes grandes **eixes ou principios**:

- a. A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- b. A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- c. A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como os que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- d. A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.
- e. A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.

Engadir, que non pretendemos esgotar todos os elementos dunha posible concepción educativa senón só destacar e priorizar os máis compartidos polos diversos sectores integrantes da comunidade educativa.

Indicar, por último, que temos que partir dun concepto de PE que será un documento vivo, cambiante, capaz de adaptarse ás novas necesidades que vaian xurdindo, ás novas características do alumnado, á nova normativa... introducindo as modificacións necesarias para poder acadar os obxectivos propostos.

## ANÁLISE SITUACIONAL

### CONTEXTUALIZACIÓN DENDE O PUNTO DE VISTA NORMATIVO

A elaboración do P.E., como calquera actividade integrada no proceso educativo, ten que fundamentarse nun corpus legal, establecido polas Administracións Educativas, que recolla unha concepción determinada dos procesos de ensino - aprendizaxe, así como as orientacións para o seu desenvolvemento. En consecuencia partimos de:

#### A. LEIS MARCO

- Constitución Española. (B.O.E. 29/12/1978) Fundamentalmente, no artigo 27 e nos puntos que o desenvolven, figura recollido o dereito de todos á Educación, así como a Liberdade de Ensinanza.
- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. (B.O.E. 28/04/1981).

#### B. LEXISLACIÓN BÁSICA

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (B.O.E. 04/05/2006)
- Lei Orgánica 8/1985, de 3 de julio, reguladora del derecho a la Educación, tendo en conta a nova redacción dada aos artigos 4, 5.5, 6, 7, 8, 31 (apartados c, d, f e m) e do artigo 57, cos parágrafos ou letras, engadidos, segundo a LOE.
- Lei Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Persoal (BOE nº 298, del 14-12-99).
- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género (BOE nº313, del 29-12-04).
- Lei 3/1983, do 15 de xuño de Normalización Lingüística (D.O.G.: 14/07/1983)

- Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado, por unanimidade, no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004.
- Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia (DOG 25/05/2010).
- Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino escolar (DOG 29/04/88) [Corrección de erros, DOG, 03/05; 24/05, e 15/06/88]
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (D.O.G. 21/10/1996). [C.E. 08/01/1997].
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil, dos colexios de Educación Primaria e dos colexios de Educación Infantil e Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (D.O.G. 02/09/1997).
- Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- **Dereitos e deberes do alumnado.** Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa (BOE 30 de xullo de 2011)
- **Seccións bilingües.** Orde do 18 de abril de 2007 pola que se crea e regula a convocatoria do Plan de seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.
- **Xornada Única e Mixta.** Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta



nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados

### C. IMPLANTACIÓN E INSTRUCIÓNS ORGANIZATIVAS

- Orde do 6 de maio de 1992 pola que se regula o procedemento para a implantación do Segundo Ciclo de Educación Infantil e se dictan instrucións en materia de organización escolar e avaliación para aqueles Centros nos que se imparte o devandito ciclo. (D.O.G. 21/05/1992).
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro (DOG do 26/02/2004)
- Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos Centros. (B.O.E. 02/06/1995).
- DECRETO 229/2011, de 7 de diciembre, por el que se regula la atención a la diversidad del alumnado de los centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia en los que se imparten las enseñanzas establecidas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (D.O.G. 28/11/1996).
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización. (D. O.G. 19/12/1996).
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (D.O.G. 27/04/1998).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e

funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (D.O.G. 31/07/1998).

- Real Decreto 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibiliza-la duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente. (B.O.E. 31/07/2003)
- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE do 03/12/2003)
- Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 29/08/1997)
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.(DOG 30/01/03).

#### D. CURRÍCULO

- Real Decreto 1630/2006, de 29 de diciembre, por que se establecen las enseñanzas mínimas del segundo ciclo de Educación Infantil. (B.O.E. 04/01/2007)
- Decreto 330/2009, do 4 de Xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23/06/2009).
- Real Decreto 1513/2006, de 7 de decembro, por el que se establecen las enseñanzas mínimas de Educación Primaria. (B.O.E.08/12/2006)
- Decreto 130/2007, do 28 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia(D.O.G. 09/07/2007)
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículum nas ensinanzas de réxime xeral. (DOG 07/11/1995)

#### E. AVALIACIÓN

- Orde do 25 de Xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 10/07/2009).
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (D.O.G. 30/11/2007)
- **Avaliación de diagnóstico.** Orde do 6 de outubro de 2010 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 15/10/2010)

## ANÁLISE DO ENTORNO CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CENTRO

O CEIP A MAÍA que pasou a ter este nome a partir de marzo de 2010, chamándose anteriormente CEIP Bispo Guerra Campos, está situado na comarca da Amaía en Bertamiráns - Ames que pasou de ser un núcleo rural a un núcleo urbano en contínuo proceso de crecemento.

A situación económica e cultural das familias do alumnado que asiste ao Centro é na súa maioría media alta e dedícase principalmente ao sector servizos. Neste momento existe un pequeno porcentaxe de alumnado máis desfavorecido, fundamentalmente procedente de familias migrantes, e que apreciamos que cada curso vai en aumento.

Bertamiráns, é a cabeceira municipal do concello de Ames e dista 9,8 km de Santiago de Compostela e 5,8 km do outro núcleo urbano amiense o Milladoiro, sendo o espazo de maior valor paisaxístico este val fluvial Amaía percorrido polo río Sar que cruza esta localidade. Hai establecidas rutas turísticas: as terra de Ames tiveron importancia dende tempos prehistóricos como se evidencia na abundancia de xacementos e restos arqueolóxicos magalíticos e da idade dos metais. Conta con Pazos como o da Peregrina, Lens, Leboráns, Quintáns e Casa de Sandar; capelas e igrexas con características arquitectónicas dos estilos barroco e neoclásico e de épocas anteriores que remontan ao século XIV; cruceiros, petos de ánimas, pombais, fontes, lavadoiros e muíños que constitúen unha parte destacada da arquitectura popular. Cóntase tamén con aloxamentos en casas de turismo rural e hoteis. Como feito histórico, o tempo que viviu a escritora máis importante do romanticismo nacional Rosalía de Castro (S. XIX).

No concello hai preto dunha centena de asociacións culturais, deportivas as máis numerosas e séguelle as Asociacións de Veciños. Dúas escolas de Educación Infantil municipais ( o concello ten cedida unha parcela para a construción dunha nova gardería en Bertamiráns ) un centro de educación infantil e outro de educación Primaria no Milladoiro, un CPI concertado en Biduído, un CEIP en Barouta, dous CEIP en Ortoño( Bispo Guerra Campos e Agro do Muíño ), centros de Educación Infantil adscritos aos CEIP e o IES de Ames en Bertamiráns ao que está adscrito o noso centro.

## PROXECTO EDUCATIVO DO CEIP A MAÍA

O Concello conta cunha poboación que supera os 23.000 habitantes e conta con 1.000 microempresas, 40 pequenas e medianas empresas, con menos de 250 asalariados e ao redor de 1.000 establecementos. Nos últimos anos incrementábase moi notablemente a poboación emigrante procedente de hispanoamérica, Europa do leste e outras nacionalidades. Existe moi escaso nivel de delincuencia.

## INFRAESTRUTURA DO CENTRO

Este é un Centro público de Educación Infantil e Primaria catalogado como de liña 3, habendo polo tanto tres cursos por cada nivel. Os datos relativos ao mesmo son os seguintes:

Denominación: CEIP A MAÍA

Código do Centro: 15000107

Domicilio: Avda. da Peregrina, s/n

Localidade: Bertamiráns

Concello: Ames

Código Postal: 15220

Tfnos.: Primaria 881 866 002 – Infantil 881 866 004

Fax. : 881 866 007

e-mail: [ceip.a.maia@edu.xunta.es](mailto:ceip.a.maia@edu.xunta.es)

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipamaia/>


<b>COMPOSICIÓN DE UNIDADES DO CENTRO</b>			
	<b>Catalogadas **</b>	<b>En funcionamento</b>	<b>Diferenza</b>
<b>Educación infantil</b>	9	9	<b>0</b>
<b>Educación primaria</b>	18	18	<b>0</b>

PROXECTO EDUCATIVO DO CEIP A MAÍA

GRUPOS									
	Educación infantil			Educación primaria					
	3 anos	4 anos	5 anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Total grupos	3	3	3	3	3	3	3	3	3
	9			18					
	27								

As rúas que corresponden a zona de influencia do CEIP A Maía son as seguintes:

**ZONA DE INFLUENCIA DO CEIP**



Acacias	O Bosque
Agríña	Paraxe do Porto
Aldea Nova +	Pedregal
A Mina	Poeta da Mahía
Avda. Mahía	Praza da Mahía
Avda. da Peregrina	Pza de Chavián
Camiño Novo	Rosaleda
Castrigo	Rueiro

J. L. Azcárraga	Travesía Peregrina
Lodeiro	Travesía Pedregal
O Casaliño	Telleira
Xesteira	Fraga
Fieira	Travesía de Fontladeiro
Cantalarrana	Carballido

+Con data do 27 de febreiro de 2012, Aldea Nova pasa a ser da zona de influencia do CEIP de Barouta.

## DEPENDENCIAS DO CENTRO

### Edificio de Infantil

<u>Planta baixa</u>	<u>1º Andar</u>
Sala de profesorado.	Pequeno espazo organizado para Relixión ou Atención Educativa, segundo sexa o caso.
Cuarto de alarma.	
Aseos profesorado e alumnado.	6 aulas/titoría.
Aula de Psicomotricidade.	1 aula de AL.

Nos baixos do edificio, con acceso dende a pista deportiva que fai as veces de patio de 5º e 6º de infantil, hai un espazo/aula para usos educativos.

### Edificio de Primaria

## PROXECTO EDUCATIVO DO CEIP A MAÍA

<u>Planta baixa</u>	<u>1º Andar</u>
9 aulas/titoría ( 4 cos servizos interiores )	9 aulas/titoría.
1 aula de Inglés	Sala de profesorado
Cuarto de alarma.	1 aula de experimentación.
Almacén acondicionado para material	1 departamento de Inglés.
Cuarto caldeira calefacción.	1 aula de Relixión
Biblioteca / Salón de actos.	1 aula de informática.
Sala de profesorado	1 aula de Música.
Despacho de secretaría.	1 Departamento de Relixión.
Despacho dirección.	2 aulas de P.T.
Trasteiro baixo escaleira	2 aulas de A.L.
<hr/>	
<u>No exterior:</u>	
Ximnasio	

## ESTADO DE CONSERVACIÓN:

Co paso dos anos o edificio vaise deteriorando. As paredes exteriores precisan pintarse e o espacio exterior despois das obras do ximnasio precisan tamén de adecuación e ornamentación. Os pequenos arranxos vanse subsanado a través do concello que precisa urxentemente reparar o depósito de gasóleo, pero moitas das demandas quedan sen efecto como a reparación do firme do patio exterior que está moi agrietado e de moi mal uso, cambiar a caldeira de calefacción,



unhas escaleiras de acceso directo ao pavillón e a cuberta lateral de pista polideportiva, ampliación do patio cuberto de E.Infantil, entre o máis salientable.

#### EQUIPAMENTO:

O Centro está dotado con material e mobiliario que vai cubrindo as necesidades.

Precísase que a Administración nos dote de máis ordenadores para repoñer os máis antigos que dan moitos problemas e ampliar o nº de ordenadores por aula. O centro conta con dúas aulas de informática e tódalas aulas teñen un ordenador e algunha delas canón e pantalla de proxección.

A nivel didáctico, cúbrese a totalidade de necesidades do profesorado a medida que se fan chegar as carencias.

Os medios audiovisuais iranse ampliando segundo as necesidades do alumnado e do profesorado.

As aulas de inglés de infantil e primaria están ben dotadas e tamén a biblioteca. A aula de música precisaría máis instrumentos, pero como a Consellería non aporta, vaise pouco a pouco.

Para a utilización das aulas de informática, biblioteca e medios audiovisuais, hai un horario.

#### RELACIÓNS CENTRO-ENTORNO:

Entendemos por contorna o medio social en que o alumnado se desenvolve, co que interactua constantemente e que exerce unha gran influencia na formación dos seus esquemas de coñecemento e por tanto, na continua evolución das súas estruturas cognitivas. A contorna faise presente ao alumnado en forma de pequenas institucións mais ou menos complexas, segun a súa amplitude e sistema de relacións internas das que forma parte. Por iso, as actividades do Centro Escolar teñen que estar de acordo coa vida destas institucións, ata o punto de que unha das calidades fundamentais que deben ter os contidos é a súa funcionalidade, é dicir, que lle sirvan aos nosos/ as alumnos/ as para solucionar os problemas aos que han de enfrontarse fóra da

escola, e mesmo, aínda mais, que estes entren na aula para asegurar que o traballo da aula este conectado coa vida do propio medio. O/a alumno/a se esta preparando para mellorar a súa contorna e isto, xamais podería facelo de costas ao mesmo. Por iso hai que xerar o maior número de relacións entre a escola e Contorna, abrindo aquela e colaborando con entre outras, as seguintes entidades:

- a) Autoridades educativo-administrativas: O noso Centro imparte ensinos de Educación Infantil (3-4-5 anos) e de Educación Primaria (de 1º a 6º curso). É un colexio público e depende da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. As autoridades educativo-administrativas básicas coas que se relaciona o Centro son as seguintes:

#### **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**

- Edifícios administrativos - San Caetano, s/n -  
15781 Santiago de Compostela
- Tel.: 981 545 400 - Fax: 981 545 443
- Web: [edu.xunta.gal](http://edu.xunta.gal)
- Web: [www.cultura.gal](http://www.cultura.gal)

#### **Secretaría Xeral de Política Lingüística**

- Calle San Roque, 2  
15781 Santiago de Compostela
- Tel.: 881 996 301 - Fax: 881 996 306
- Correo-e: [sxpl.secretaria@xunta.gal](mailto:sxpl.secretaria@xunta.gal)
- Web: [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal)

#### **Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**

- Edifícios administrativos - San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela
- Tel.: 981 546 562 / 48 - Fax: 981 546 550

- Correo-e: [dxefpie@edu.xunta.es](mailto:dxefpie@edu.xunta.es)

### **Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos**

- Edificios administrativos - San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela
- Tel.: 981 546 558 / 9 - Fax: 981 546 542
- Correo-e: [dxcrhh@edu.xunta.es](mailto:dxcrhh@edu.xunta.es)

### **Xefatura Territorial de A Coruña**

- Calle Vicente Ferrer, 2 - 15008 A Coruña
- Tel.: 981 184 702 - Fax: 981 184 629

### **Servizo de Inspección Educativa**

- Edificio MUPEGA. Rúa San Lázaro, 109. 15771 Santiago de Compostela
- Tel.: 981540197 / 981540198
- Correo-e: [inspeccion.santiago@edu.xunta.es](mailto:inspeccion.santiago@edu.xunta.es)

### **Centro Autonómico de Formación e Innovación**

#### **b) Autoridades municipais**

- noso centro atópase no termo municipal de Ames. Por iso, relaciónase estreitamente co Concello deste municipio. O Centro colabora co Concello nos seguintes ámbitos e accións:
  - Participando nas campañas planificadas de carácter cultural, deportivas, de solidariedade, etc.
  - Cedendo as instalacións e/ou materiais cando son requiridos, sempre cumprindo as normas establecidas pola Consellería de Educación.
  - Accións dirixidas á protección do medio-ambiente.
  - Coordinación co departamento de Servizos Sociais (accións coas familias en diversos ámbitos). Programas de educación viaria.

- Programas e accións ofertados ao longo do curso escolar.

**c) IESP de Ames:**

Ao concluír a Educación Primaria no noso Centro, o alumnado pode acceder directamente ao instituto ao que estamos adscritos.

O noso colexio participa nas seguintes accións:

- Coordinación anual co Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos (promoción do alumnado de 6º curso a 1º de ESO).
- Charla informativa ás familias do alumnado de 6º curso por parte do Equipo Directivo e o Departamento de Orientación (anual).

**d) Accións para a Comunidade Educativa**

- Charlas formativas para pais/nais
- Biblioteca para familias
- Circulares informativas e documentos de formación ás familias, difundidos a través de medios de reprografía e a web do colexio
- Exposicións: traballos realizados polo alumnado, accións relacionadas coas celebracións anuais.
- Campañas de solidariedade.

**e) Colaboración coas Universidades:**

Acollemos e titorizamos todos os cursos o alumnado poderá desenvolver as prácticas dos plans de estudos universitarios de grao e posgrao de universidades. O Centro dispón e conta co compromiso da totalidade do claustro, dando todas as facilidades posibles a estes alumnos e alumnas en prácticas para a utilización dos recursos didácticos do mesmo e a súa integración nas actividades educativas que se desenvolvan. Así mesmo facilitaráselles toda a información que sexa necesaria sobre o funcionamento e xestión do Centro. Orientaráselle no desenvolvemento de actividades complementarias e prestaráselle toda a axuda necesaria. De igual maneira o Centro colaborará no seguimento e avaliación do alumnado en prácticas

**f) Relacións con outras entidades:**

ANPA

Asociacións deportivas

Empresas

## XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

### HORARIO DE FUNCIONAMENTO XERAL DO CENTRO

O colexio **abre diariamente**, de luns a venres, as súas portas de **8:50h. a 14:15h pola mañán e de 16:30h a 18:30h as tardes dos luns.**

As sesións lectivas serán diariamente de 9:05 - 14:05 horas.

O tempo de recreo será de 11:30 a 11:55

O tempo dedicado a “Hora de Ler” de 11:55 a 12:25

**As titorías realizaranse os luns de 16:30 a 18:00 horas, previa petición de cita.**

**A biblioteca escolar está aberta todos os días en horario lectivo e os luns pola tarde será atendida por voluntariado da ANPA en horario de 16:30 a 18:00 h.**

## INTERRELACIÓN ESCOLA-FAMILIA

### PROFESORADO-FAMILIA. TITORÍAS.

A cordialidade das relacións escola-familia e a confianza entre pais e educadores son básicas en calquera etapa educativa. A escola non pode nin debe pretender substituír a familia, senón compartir a responsabilidade de educar e instruír aos nenos e nenas. Canto máis se coñezan os educadores e as familias, máis se favorece o benestar dos rapaces.

A eficacia da educación ten que estar baseada nunha actuación coherente e de corresponsabilidade que guíe aos nenos nunha mesma dirección. Para chegar a bo fin nesta tarefa compartida, existen dúas vías, complementarias, de participación: - A través dunha implicación das familias no proceso educativo, que conleve: • un consenso familia-escola • unha comunicación fluída e constante.

- A través do Consello Escolar, coa cooperación na organización do Centro. No que respecta á primeira vía, é dicir, a implicación das familias no proceso educativo, nalgúns casos non é doado establecer unha boa corrente comunicativa, pero sabemos que esta comunicación é importante de cara ao éxito da actuación da Escola. Os recursos e estratexias para conseguir este obxectivo serán:

-Reunións xerais nas que cada titor convoca a tódalas familias do seu grupo para tratar temas de interese xeral: normas, horarios, obxectivos a conseguir en cada materia, saídas culturais, festas a celebrar,...

-Entrevistas individuais que deberán levarse a cabo nun ambiente relaxado e distendido. Servirán para establecer ou retomar as relacións pais-escola e para recabar datos sobre:

- A situación socioambiental e familiar do neon ou nena.
- Datos persoais de saúde, relacións con outros nenos, xogos preferidos, relacións cos adultos cos irmáns, cos pais (tempos que conviven con cada un deles). Por parte dos titores, éstos darán información ás familias sobre a evolución dos seus fillos. Todas estas xuntanzas lévanse a a cabo do seguinte modo:
  - En Educación INFANTIL: -E.I. 3 anos.- Tense unha reunión cos pais unha vez matriculados os nenos, antes de seren incorporados as súas respectivas aulas. Nesta reunión explicase ás familias o que significa a entrada dos seus fillos e fillas na vida escolar, e ó mesmo tempo pídese a súa colaboración para a adquisición de determinados hábitos que favorecerán a adaptación do alumnado. Así mesmo faise a presentación dos titores ás familias para establecer con elas un necesario clima de confianza, dada a corta idade dos novos alumnos e de que para moitos deles e dos seus pais este é o primeiro contacto coa escola.

Independentemente de todo isto, e tendo en conta as idades dos rapaces, os titores manteñen un contacto casi diario cos pais, ás entradas e saídas do Centro- dado que calquera alteración ou problema no entorno familiar dos nenos inflúe na súa actitude e rendemento na escola.

Ademáis destas posibilidades de contacto entre titores e familias, fíxanse uns horarios semanais de titorías e atención ós pais que quedan establecidas tódolos luns lectivos do curso de 16:30 a 18:00h da tarde non só para E. Infantil senón para tódolos niveis.

En Educación PRIMARIA:

- Realízase a principio de curso unha reunión do titor coas familias, de xeito que antes do 10 de outubro, como é preceptivo, reuniranse os titores de cada curso coas familias para tratar aspectos relativos ao funcionamento do curso, normas, hábitos recomendados,...
- Realización de entrevistas individuais coas familias os luns de 16:30h a 18:00h, ou noutro horario de mútuo acordo.
- Realización dunha segunda reunión, (sempre que os titores consideren a conveniencia da mesma), de aula ou persoal no mes de xaneiro-febreiro para explicar a evolución, e progresos así como as dificultades atopadas, expoñendo as posibles actuacións encamiñadas á mellora dos resultados globais, tanto académicos como conductuais..

## VALORES, OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN

### A ESCOLA QUE PRETENDEMOS

O CEIP “A MAÍA” como centro público, sen ánimo de lucro, plantexa a educación como un servizo a toda sociedade e ó entorno no que está ubicado; tratando de compensar desigualdades sociais e reivindicando a lexitimidade e alta competencia do ensino público.

Defendemos a liberdade de cátedra do profesorado dentro do marco legal establecido, tamén a liberdade de conciencia e libre pensamento do alumnado e familias. Defendemos, tamén, que a calidade do noso ensino non se refire só a dotar ao alumnado de hábitos, capacidades e instrumentos básicos que lles facultan para adquirir un axeitado nivel de coñecementos, senón que ademáis pretendemos potenciar ao máximo as competencias que faciliten ao alumnado a posibilidade real dun desenvolvemento integral da súa personalidade dun xeito activo, participativo e colaborativo. Intentamos, polo tanto, fomentar un espírito crítico e pragmático, potenciar o razonamento lóxico e fundamentado, preparar ao alumnado para ser quen de interpretar as súas propias experiencias, expresar abertamente a súa afectividade de xeito espontáneo e deixar paso aos aspectos da creatividade e orixinalidade das persoas.

Entendemos que este proceso educativo e formador na escola debe estar integrado e complementado na aceptación da existencia dunha sociedade plural, aconfesional e democrática, sustentada en valores fundamentais como o esforzo, a solidariedade e o respecto.

O proceso educativo, dende o noso punto de vista, debe ser un intento transformador da existencia, máis que unha adaptación á realidade, unha oportunidade para mellorar as cousas que non funcionan ben. Como consecuencia, intentamos fomentar no alumnado a capacidade de comprender e respetar as situacións dos demais, especialmente aqueles colectivos en risco de exclusión social ou persoas con necesidades de apoio social e educativo. Pretendemos igualmente a búsqueda da propia identidade de cada individuo, como expoñente dunha diversidade que debe ser enriquecedora.



A equidade entre ambos sexos e igualdade de dereitos e deberes entre homes e mulleres, tamén forman parte fundamental da estrutura ideolóxica da nosa escola, lonxe de estereotipos pasados e sempre poñendo en valor o factor humano.

Un Centro que mire sempre cara adiante, pero que tampouco esqueza nin o pasado, nin as tradicións que fixeron que hoxe sexamos como somos, coa nosa riqueza cultural, histórica, língüística, social e identitaria. Así é que defendemos a nosa identidade galega dentro da nosa actividade educativa, afastándonos tanto de radicalismos estériles, como das actitudes e correntes sociais que pretenden desprestixiar ou minimizar a inmensa importancia do patrimonio cultural galego.

Somos un centro que respetamos os ritmos de aprendizaxe do noso alumnado, valoramos o principio de equidade por encima do de igualdade e dámos moita importancia á diversidade. Favorecemos ao tránsito entre etapas educativas e seleccionamos rigorosamente os materiais e libros de texto a empregar atendendo a criterios de eficacia pedagóxica. Tendo en conta que o alumnado de 1º de primaria non ten que estar iniciado na lectura e na escritura, tomouse a decisión de reducir os libros de texto desde a entrada en 1º de educación primaria e cada curso ir ampliando paulatinamente o número de materias que empregarán libro de texto. Así en 1º só se usan a dous cadernos/libros de texto -un de lingua/lingua e outro de matemáticas-, e o resto das materias impartiranse a través de pequenos proxectos e actividades prácticas. En 2º de educación primaria amplíase a catro libros de texto – lingua/lingua, matemáticas, ciencias sociais e ciencias naturais-, e a partir de 3º xa se introducen os das materias impartidas polo profesorado especialista.

Abanderamos tamén dende a nosa escola unha educación que promova a defensa dos dereitos humanos, o respecto polo medio ambiente e un compromiso firme coa construción dun mundo en paz e solidario, que entendemos que comeza por crear dinámicas positivas no Centro, que faciliten a convivencia diaria entre alumnado, profesorado e familias.

Para axudar nestas medidas contamos coas Normas de Organización e Funcionamento do Colexio (documento referenciado máis adiante) e co órgano de participación da comunidade educativa como é o Consello Escolar.

## SINAIS DE IDENTIDADE

- **Igualdade de oportunidades**

- Non discriminación por razóns intelectuais ou socioeconómicas
- Educación integradora para alumnos con NEE/NEAE.
- Educación compensatoria para alumnos con deficiencias especiais ou escolares

- **Pluralismo e valores democráticos**

- Non se discriminará a ninguén a causa da súa procedencia, raza, sexo, relixión, ideoloxía ou nivel socioeconómico.
- Desenvolvemento de climas de traballo nos que predominen os hábitos de convivencia e de tolerancia.
- Respecto á pluralidade e á diversidade baseado nos principios democráticos
- Non impoñer concepción política ou relixiosa, á vez que se estimularán os valores dunha sociedade democrática: solidariedade, respecto aos demais e actitude de diálogo.
- Formación ética e moral baseada no respecto aos demais.
- Neutralidade política
- Respecto ao pluralismo democrático
- Xestión democrática do centro
- A educación sustentase en valores como a tolerancia, cooperación, creatividade,

sociabilidade e superación positiva de calquera discriminación.

- **Aconfesionalidade**

- Respetto por todas as confesións relixiosas
- Renuncia a calquera tipo de adoutramento ou sectarismo relixioso
- Respetto da normativa vixente no referente á formación relixiosa e a alternativa á mesma.
- Respetaranse as distintas ideoloxías e crenzas das familias sen condicionales a participar en actividades que supoñan un menoscabo dos seus principios.

- **Coeducación**

- Ensino mixto: nenas e nenos compartirán os mesmos espazos e realizarán o mesmo tipo de actividades en todas e cada unha das áreas docentes.
- Non discriminación por razón de sexo: intentarase evitar calquera tipo de discriminación por razón de sexo, aceptando cada quen a súa propia sexualidade, e respectando a dos demais.
- Concepción da coeducación como un proceso: educar cara o respecto á propia persoa e á do outro, fomentando a valoración na colaboración co outro no traballo, no xogo, no diálogo, etc.
- Coeducación efectiva para acadar a igualdade dos sexos e eliminar todas as manifestacións sexistas que puideran estar presentes en calquera eido da educación.
- Evitar, na tarefa educativa, actitudes que perpetúen os roles tradicionais asignados ao home e á muller.

- **Convivencia**

- Aprender a convivir, non discriminando por razóns sociais, culturais, étnicas...

- Fomento do entendemento e respecto.
- Fomento de actitudes de respecto e tolerancia que rexeiten todo tipo de violencia e discriminación e que favorezan a apertura, o diálogo e a aceptación dos demais.

- **Lingua de aprendizaxe**

- Utilizarase o galego e o castelán, respectando, en todo caso, a lingua materna e respectando a lexislación vixente.
- Partindo de que debe producirse unha apertura cada vez maior ao pobo, e tendo en conta que se empregan os dous idiomas, ao remate da escolaridade pretendemos que os alumnos acaden un dominio das dúas linguas, tanto oral como escrito e conseguindo a maior competencia lingüística en inglés.
- En todos os cursos levarase a cabo o ensino da lingua estranxeira, Inglés.
- Asumimos a lingua galega como lingua oficial do Centro, coidando que a vía administrativa e as relacións coa comunidade se establezan en galego, para así contribuír á súa normalización.
- Favorecerase ao alumnado proveniente doutros ámbitos lingüísticos unha rápida aprendizaxe da/s lingua/as mediante unha planificación de actividades compensatorias ou de programas de inmersión lingüística, fomentando a non discriminación.
- En Educación Infantil o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado e terán en conta a lingua do contorno. Nos contornos castelán falantes a utilización do galego como lingua de comunicación e aprendizaxe será, como mínimo, igual ao da lingua castelá. O profesorado fomentará a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego no sentido de que se convirta no idioma base de aprendizaxe; o alumnado obterá a competencia necesaria que lle permita comunicarse normalmente en galego cos seus compañeiros e cos seus mestres.

## PROXECTO EDUCATIVO DO CEIP A MAÍA

- Farase unha aproximación a unha lingua estranxeira en situacións habituais de comunicación.
- En Educación Primaria, as línguas de impartición segundo as áreas son:

Materia	Galego	Castelán	Inglés
Lingua galega e literatura	x		
Lingua castelá e literatura		x	
Lingua estranxeira			x
Matemáticas		x	
Ciencias sociais	x		
ciencias naturais	x		
Música	x		
Plástica		x	
Ed. Física	x		
Relixión		x	
Valores		x	
Libre configuración			

### Excepcións:

- 1ª) Como en 2º de primaria hai 2 horas de relixión, plástica ten que impartirse en galego para manter o equilibrio entre linguas.

Este Centro garantirá a adquisición da competencia lingüística propia da etapa nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma e a iniciación a unha lingua estranxeira xá dendê a educación infantil.

- **Liña metodolóxica**

Na estrutura do Centro terá sempre unha importancia fundamental a coordinación, referida aos diferentes equipos docentes, os equipos de traballo, ás comisións, ós órganos de goberno e a todos os grupos que compoñen a comunidade educativa.

A coordinación desde a dirección facilitará que os diferentes equipos formen parte dun todo común a nivel de centro con obxectivos, metodoloxías e actitudes comúns. Así mesmo, os proxectos que se leven a cabo integrarán a toda a comunidade educativa.

Procurarase que o profesorado e os equipos de traballo asuman a responsabilidade correspondente e se impliquen na tarefa propia e á súa vez na tarefa común.

O Claustro de Profesores será un órgano fundamental na vida escolar do centro, será informado axeitadamente dos proxectos e actividades realizadas e participará moi activamente no debate e nas decisións que afecten á organización e á marcha do centro.

- A educación do alumnado debe ser unha responsabilidade compartida entre as familias, profesorado e o demais persoal do centro.
- Estableceranse, por parte do profesorado, liñas de traballo, maioritariamente en equipo, para:
  1. Selección e aplicación de técnicas didácticas comúns.
  2. Selección e aplicación de sistemas e instrumentos de avaliación.
  3. Tratamento sistemático das dificultades de aprendizaxe ou atrasos escolares do alumnado mediante a organización de apoios didácticos, na aula ou fóra, agrupacións flexibles e a programación de actividades específicas de recuperación, ou de ser preciso, elaboración de ACS ou proposta de flexibilización da idade de escolarización na correspondente etapa.
  4. O cumprimento das normas de convivencia por parte de todos os membros da comunidade educativa, será un obxectivo en si mesmo, así como un medio para

lograr

Partimos da dificultade ou da imposibilidade que supón definir unha liña metodolóxica unitaria porque cada mestre aporta o seu estilo docente.

Este proxecto educativo non sería realista se establecese unha liña metodolóxica ríxida que non deixase posibilidades de manobra. Buscamos o equilibrio e a complementariedade de métodos diversos.

Respectamos a liberdade de cátedra do profesorado garantida no marco da constitución e na normativa educativa vixente. O seu exercicio orientarase á realización dos fins educativos, de conformidade cos principios establecidos na lei. Sen embargo, todo dereito ten límites: o dereito individual do profesor a escoller a metodoloxía e seleccionar os contidos ten como límite a harmonización destas eleccións coas que realicen o resto do profesorado, coas miras postas sempre no alumno.

A Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, no seu artigo terceiro, garante ao profesorado, dentro do marco da Constitución, a liberdade de cátedra.

A liberdade de cátedra é tal nas etapas de Infantil e Primaria por canto os mestres podemos participar na toma de decisións pedagóxicas, fundamentalmente a través dos órganos colexiados de participación (Consello Escolar e o Claustro de profesores), pero non exclusivamente. Os órganos de coordinación docente tamén se configuran como un espazo de participación na vida pedagóxica: comisión de coordinación pedagóxica, equipos de ciclo, titores, equipos de nivel, etc. Estes espazos de participación son xanelas de invocación da liberdade de cátedra.

A autonomía pedagóxica dos centros é un valor fundamental do sistema educativo, e iso permite a aplicación de espazos de liberdade educativa. Dita autonomía está encarnada, en gran parte, na concreción curricular, que a normativa actual establece, polo menos, no Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual, e na aplicación das orientacións metodolóxicas para o contexto propio.. Este é quizá o aspecto onde máis podemos invocar a liberdade de cátedra, á hora de desenvolver o currículo, polo que apostamos por profundar na devandita expansión da autonomía pedagóxica dos centros.

A excesiva burocratización da vida dos centros educativos e do sistema, en xeral, tradúcese nunha excesiva presenza da normativa e nunha sorte de colonización xurídica que acaba por impregnar con excesiva rixidez o sistema, podendo ser isto unha porta á aplicación de doutrinas oficiais, ante o cal, a liberdade de cátedra revélase como un antídoto que nos ofrece marxe para desatarnos desa excesiva rixidez, sempre dentro do respecto ás normas de funcionamento e organización.

A adopción de materiais curriculares é outro aspecto onde podemos invocar como mestres a liberdade de cátedra. Actualmente, a normativa outorga esa facultade aos órganos de coordinación docente, pero como mestres a nivel individual, dentro do respecto aos valores constitucionais e ás normas vixentes, podemos opoñernos e buscar unha alternativa diferente. Esta opción amplíase coa introdución das TIC e do software libre, a realidade aumentada ou a computación na nube, onde a multiplicidade de materiais dispárase de forma exponencial, conformando un ámbito de decisión docente que non escapa ao exercicio da liberdade de cátedra.

#### LÍMITES NECESARIOS Á LIBERDADE DE CÁTEDRA NAS ETAPAS EDUCATIVAS DE INFANTIL E PRIMARIA

- **A protección da infancia e da mocidade.**
- **O rigor metodolóxico e científico e a ausencia de adoutramento e proselitismo.**
- **As esixencias de veracidade, non inxuria e necesidade** do que se comunica.
- A programación xeral do ensino: **obrigatoriedade** de seguir **o currículo establecido pola administración.**
- A especialización da función docente (que se revela como un límite con menos relevancia por ser os **mestres competentes en todas as áreas**).
- **O respecto ás normas de organización e funcionamento** dos centros.



- Os elementos transversais do currículo.

**En educación infantil**, as liñas ou criterios metodolóxicos que impregnan a práctica educativa son:

- Ofrecer ao alumnado un clima cálido nas clases e propiciar unha actividade creadora que favoreza o coñecemento e o desenvolvemento da súa independencia, seguridade e autonomía.
- Potenciar no alumnado unha serie de habilidades de pensamento que o axuden a encontrarlle sentido á súa experiencia, ademais de proporcionarlles ás nenas e nenos ferramentas que lles permitan evolucionar nos coñecementos e as habilidades que se desenvolveron, a fin de garantir a construción de novas aprendizaxes.
- Ofrecerlles ás nenas e nenos situacións de aprendizaxe nas que poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións; organizando os contidos tendendo cara un “ enfoque globalizador” e deseñando as aprendizaxes asentadas en coñecementos previos, relacionadas coas experiencias e que sexan significativas.
- Basear a actividade da escola infantil no xogo. É imprescindible destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa, xa que este alumnado, mentres xoga, manipula obxectos nun espazo e nun tempo, crea e transforan – formas, tamaños, espazos, volumes-, establece relacións, diseña situacións e inviste a acción da súa emotividade e simbolismo; manifesta a través desta actividade lúdica as súas vivencias e experiencias e vai afondando en novos niveis de relación e de interacción.
- Potenciar a creatividade, a experimentación, a investigación e o descubrimento.
- Favorecer a interacción do grupo baseada no respecto, axudándonos os uns aos outros.

- Aproveitar o potencial educativo das saídas e das visitas, planificadas detidamente, para sacar delas o maior partido educativo posible.
- Propiciar experiencias nas que teñan cabida as relacións con nenas e nenos doutras aulas e con persoas adultas, xa que así, non só se contribúe en gran medida a que as criaturas vaian ampliando as súas relacións, senón que se permite descentrar positivamente a terefa educativa da persoa docente e da aula.

**En Educación Primaria**, a liña de traballo partirá inicialmente dunha visión constructiva do coñecemento, terá un enfoque integrador que propicie a utilización de diferentes métodos en función das necesidades dos alumnado.

Usarase unha metodoloxía comunicativa, activa para acadar unha aprendizaxe significativa axeitada ao nivel do alumnado.

A incorporación das competências básicas no currículo de primaria require reconsiderar a práctica educativa para permitirlle ao alumnado integrar as súas aprendizaxes relacionándoas con diferentes tipos de contidos ( conceptos, destrezas e actitudes), usar eses contidos con efectividade cando cumpra e aplícalos a situacións e contextos variados.

Buscarase:

- O uso correcto das materias instrumentais básicas: vocabulario axeitado á idade, lectura oral comprensiva, em expresión escrita o uso das normas básicas de ortografía e redacción, o cálculo tanto mental como escrito e a aplicación correcta dunha estratexia de resolución de problemas.
- Potenciar o Plan Lector con novas estratexias.
- Fomento da lecto-escritura tanto en galego como en castelán, incidindo na expresión oral e escrita e na comprensión lectora co fin de mellorar a competencia lingüística.
- Na educación en valores, en canto á convivencia e coeducación, respecto ao medio ambiente e atención ao pluralismo e valores democráticos.
- A implicación dos pais/nais na vida escolar dos seus fillos/as.

- Dotar aos contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización.
- Dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe con actividades, no caso de que fose preciso de reforzo e ampliación.
- Introducir ao alumnado nas TIC para que no futuro adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para a súa boa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.
- Potenciación no alumnado dos mecanismos de adquisición das competencias básicas das diferentes áreas.
- Realización de actividades lúdico-didácticas ( murais, investigación, biblioteca, audiovisuais...) como medida de reforzo e ampliación das aprendizaxes básicas.
- Atención individualizada a todo aquel alumnado que o precise de xeito transitorio ou permanente, empregando os recursos didácticos máis axeitados para cada caso en particular.
- Valoración e reforzo do traballo e esforzo persoal de cada alumno/a dentro das súas capacidades físicas e intelectuais.
- Procurar que o alumnado aprenda a aprender e favorecer o traballo cooperativo.

## MODELO DE XESTIÓN.

O modelo de xestión deste centro desenvólvese no marco de participación, autonomía e goberno dos centro establecido no Título V da LOE.

O noso proxecto de xestión regula a autonomía na xestión económica do centro e ordena a utilización dos recursos, tanto materiais como humanos do mesmo.

Facemos partícipes ao claustro, consello escolar e mesmo aos pais e nais segundo o punto que se trate, a fin de ter en conta as súas opinións para a toma de decisións. Valoramos o traballo en equipo e por tanto é para nós moi importante acometer proxectos consensuados, estando

sempre abertos á crítica constructiva que serve de reflexión para mellorar e contribúe ao enriquecemento do centro.

O obxectivo prioritario deste centro é a educación en valores que conleva o respecto ao persoal que desenvolve a súa actividade no mesmo, aos pais e nais aos que lle prestamos a atención necesaria e a información para facilitarlles o exercicio dos seus dereitos e ao alumnado respectando os ritmos evolutivos e as capacidades intelectuais de cada neno e nena.

Pretendemos que haxa satisfacción entre todos os que formamos parte da comunidade escolar, respondendo sempre ás demandas que se presentan, xa sexan de material, persoais ou de calquera outra índole, tratando de poñer comprensión e resolución e nunca deixando que o tempo resolva a través do olvido.

Pretendemos:

- Desenvolvemento dun modelo de xestión democrático mediante a creación dunha estrutura organizativa que permita a efectiva intervención da comunidade educativa na organización e funcionamento do centro.
- Fomento da participación do profesorado nos ámbitos da súa competencia.
- Fomento da colaboración das familias a través dos órganos de participación oficiais (Órganos Colexiados) e asociativos (ANPA)
- Desenvolvemento de canles estruturais que permitan unha efectiva comunicación entre as familias, o profesorado, o equipo directivo e o persoal non docente. — Escola e sociedade O centro será un lugar aberto ao entorno que participe das tradicións culturais e da vida do barrio, ampliando o entorno educativo a fóra do mesmo. Tratarase de exercer unha función compensadora de desigualdades, empregando os recursos comunitarios dos que se dispoña.

Todos traballamos coa intención de darlle a institución unha *imaxe de calidade* e tratamos de promovelas cara ao exterior.

## OBXECTIVOS E FINALIDADES EDUCATIVAS

### FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS

Coa finalidade de acadalos ao final da escolarización no Centro, propóñense os seguintes:

- Contribuír ao desenvolvemento pleno da personalidade e das capacidades dos alumnos
- Formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, cohesión social, a cooperación e a solidariedade e no respecto da pluralidade lingüística e cultural de España e da interculturalidade.
- Formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na resolución pacífica dos mesmos.
- Preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida do entorno social, económico e cultural, con actitude crítica e responsable.
- A efectiva igualdade de dereitos entre os sexos, e o rexeitamento a todo tipo de discriminación e igualdade de trato coas persoas con minusvalideces.
- Preparación para participar activamente na vida social e cultural e fomento dos hábitos de comportamento democrático.
- Educar na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo.
- Desenvolvemento das capacidades creativas, do espírito crítico e confianza en si mesmo.
- Desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- Adquisición de valores que propicien o respecto e o coidado cara os seres vivos e o medio ambiente.
- Capacitación para a comunicación nas dúas linguas oficiais, e nunha lingua estranxeira.

- Adquisición de normas de educación vial.
- Participación e colaboración dos pais e/ou titores para poder acadar os obxectivos educativos.

## FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS DOS DIFERENTES ÁMBITOS

### ÁMBITO PEDAGÓXICO

- Respetar as peculiaridades de cada grupo e os ritmos de aprendizaxe de cada alumno.
- Fomentar a iniciativa e a creatividade para que o alumno sexa o protagonista da súa aprendizaxe.
- Fomentar a interacción adecuada entre mestres – alumnos, entre todos os alumnos e co resto do personal.
- Fomentar nos alumnos a observación e os hábitos de estudo, promovendo a autonomía no proceso de ensino- aprendizaxe.
- Incorporar, na medida do posible, os avances das tecnoloxías á acción docente.
- Fomentar o coñecemento e o uso de técnicas de traballo intelectual.
- Desenvolver interese polo traballo cooperativo, valorando o esforzo individual dentro dun grupo ou equipo. • Impulsar as relacións entre iguais proporcionando pautas que permitan confrontar os distintos puntos de vista, tomar decisións colectivas, superar as dificultades mediante o diálogo e a cooperación así como potenciar a axuda mutua.
- Partir, dentro das posibilidades, da propia experiencia do alumno para que as actividades de ensino - aprendizaxe se enxiran dentro das vivencias persoais.
- Potenciar un réxime de coeducación no que non se produza discriminación algunha por razón de sexo, ideoloxía, cultura...

- Potenciar as actividades escolares, complementarias e extraescolares que favorezan a autoeducación do tempo libre.
- Incorporar nas programacións didácticas obxectivos e contidos relacionados co entorno próximo dos alumnos.
- Integrar a avaliación dos alumnos no proceso de aprendizaxe converténdoa nun recurso didáctico máis, coas características de ser continua e individualizada. (Proporcionar ao alumno información da situación na que se atopa o seu proceso de aprendizaxe, facéndolle tomar conciencia das súas posibilidades e das dificultades que terá que superar; a tal fin haberá que especificar claramente os obxectivos que se pretenden acadar, así como motivalos para que os consigan).
- Fomentar a interacción adecuada entre mestres – alumnos, entre todos os alumnos e co resto do personal.
- Fomentar nos alumnos a observación e os hábitos de estudo, promovendo a autonomía no proceso de ensino- aprendizaxe.
- Incorporar, na medida do posible, os avances das tecnoloxías á acción docente.
- Fomentar o coñecemento e o uso de técnicas de traballo intelectual.
- Desenvolver interese polo traballo cooperativo, valorando o esforzo individual dentro dun grupo ou equipo.
- Impulsar as relacións entre iguais proporcionando pautas que permitan confrontar os distintos puntos de vista, tomar decisións colectivas, superar as dificultades mediante o diálogo e a cooperación así como potenciar a axuda mutua.
- Partir, dentro das posibilidades, da propia experiencia do alumno para que as actividades de ensino - aprendizaxe se enxiran dentro das vivencias persoais.
- Potenciar un réxime de coeducación no que non se produza discriminación algunha por razón de sexo, ideoloxía, cultura...

- Potenciar as actividades escolares, complementarias e extraescolares que favorezan a autoeducación do tempo libre.
- Incorporar nas programacións didácticas obxectivos e contidos relacionados co entorno próximo dos alumnos.
- Integrar a avaliación dos alumnos no proceso de aprendizaxe converténdoa nun recurso didáctico máis, coas características de ser continua e individualizada. (Proporcionar ao alumno información da situación na que se atopa o seu proceso de aprendizaxe, facéndolle tomar conciencia das súas posibilidades e das dificultades que terá que superar; a tal fin haberá que especificar claramente os obxectivos que se pretenden acadar así como motivalos para que os consigan).

### **ÁMBITO INSTITUCIONAL**

- Impulsar os procesos tendentes á xestión colexiada do centro, favorecendo as iniciativas propostas pola comunidade educativa
- Colaborar nas iniciativas e actividades promovidas por entidades culturais e sociais do entorno, por organismos oficiais e por outras institucións sen ánimo de lucro
- Favorecer a creación de grupos de carácter recreativo e cultural por parte da ANPA e a organización das súas actividades no centro.
- Establecer canles que permitan unha fluída e efectiva comunicación entre os membros da comunidade educativa.

### **ÁMBITO ECONÓMICO- ADMINISTRATIVO**

- Impulsar, dentro do marco legal vixente, a autonomía na xestión democrática dos recursos asignados ao centro.



## PROXECTO EDUCATIVO DO CEIP A MAÍA

- Poñer todos os medios e recursos económicos e administrativos do centro ao servizo da súa finalidade esencial, a formación integral dos alumnos.
- Axilizar todos os trámites propios da actividade administrativa.
- Desenvolver e empregar instrumentos eficaces para a comunicación externa e interna.
- Empregar a lingua galega como vía de comunicación.

### **ÁMBITO HUMANO E DE SERVIZOS**

- Fomentar actitudes que favorezan a integración dos alumnos con situacións especiais.
- Conseguir a implantación e o respecto das NOF

### **DE PROXECCIÓN INTERNA E EXTERNA**

- Fomentar que profesores, pais, traballadores non docentes e alumnos interveñan no control e xestión do Centro.
- Traballar pola participación dos diferentes sectores da comunidade educativa como algo imprescindible para que as decisións dos diferentes Órganos Colexiados sexan suficientemente representativas e efectivas.
- Establecer relacións sistemáticas de colaboración e coordinación co IESP de Ames, ao que está adscrito o centro.

### **DE FORMACIÓN PERMANENTE**

- Favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente.

- Potenciar no propio Centro proxectos de formación, tratando de implicar a todo o profesorado.

## VALORES, OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN

### Valores

Na explicitación de valores terase en conta que van condicionar toda a actividade a realizar no colexio por todos e cada un dos membros da comunidade educativa. Por iso a selección, definición e concreción de valores en obxectivos e normas escolares é fundamental. pero sempre partindo da idea que todo canto se defina e recolla no PE deberá ser coñecido e asumido por todos. Partindo do respecto aos dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución e dos principios recollidos no artigo 1 da LOE, a meta é lograr un ensino de calidade e en liberdade, capaz de dar resposta ás necesidades formativas dos alumnos, e o desexo de contribuír ao desenvolvemento dunha educación integral, o PE pretende fomentar:

- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- A adquisición de actitudes tolerantes e solidarias ten no colexio un interese particular debido ás diferenzas culturais e nalgúns casos lingüísticas que son frecuentes entre o alumnado así como polos alumnos con NEAE que se escolarizan no centro.
- O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- A educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- O respecto polo Medioambiente.

Os valores teñen que estar presentes en todas e cada unha das actividades que se realizan no centro e que se desenvolven e traballan dunha maneira máis específica e concreta a través dos contidos actitudinais (valores, actitudes e normas) en:

- Cada un dos bloques de contidos das áreas curriculares.
- Os contidos transversais integrados en cada unha das áreas.

Consideramos prioritarios "macrovalores", a partir dos cales se traballarán no Centro todos os demais sendo comúns ás dúas etapas. Son os seguintes:

- Desenvolvemento da autonomía.
- Respecto a:
  - Membros da Comunidade Educativa.
  - Á diversidade.
  - Outras linguas e culturas.
  - Patrimonio Cultural.
  - Medio Ambiente no que vivimos
  - Saúde
- Práctica do espírito crítico.
- Valoración do esforzo persoal e colectivo
- Creación dunha imaxe real e positiva de si mesmos.
- Coñecemento e práctica dos aspectos que conlevan o traballo en grupo e normas que o rexen
- Aprecio polos valores básicos que rexen a vida e a convivencia. É intención primordial o fomento do respecto, a tolerancia, e o diálogo e a aceptación de desigualdades como valores fundamentais.

- Coeducación en todos os niveis.

A partir destes traballaranse outros valores como: confianza, tolerancia, solidariedade, esforzo, amizade, cooperación, non violencia e paz, iniciativa creadora, crítica construtiva... Os valores traballaranse sistematicamente por ciclos dende todas as áreas e conxuntamente por todo o centro aproveitando as actividades programadas para días conmemorativos segundo se concrete anualmente na PXA.

## **METAS EDUCATIVAS**

- O pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos en todos os ámbitos: persoal, familiar, social e intelectual.
- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- O desenvolvemento dunha competencia lingüística plena en castelán e en galego así como a capacitación, acorde coas idades, para a comunicación en inglés.
- A adquisición dun coñecemento das culturas española e galega que posibilite aos alumnos a súa integración, como cidadáns de pleno dereito.
- A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade.
- O desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.

## **PRIORIDADES DE ACTUACIÓN**

Considerando as características do entorno social e cultural do centro, os intereses e as expectativas dos alumnos e das familias, así como as metas educativas a acadar fixamos as seguintes prioridades de actuación:

- Atender adecuadamente á diversidade do alumnado.
- Potenciar a lectura comprensiva e expresiva en todas as áreas.
- Coidar a expresión oral e escrita (galego, castelán e inglés) para que contén cun vocabulario o máis amplo posible e sexan capaces de expresar con claridade o propio pensamento.
- Capacitar aos alumnos para o uso das tecnoloxías da información e a comunicación como medios de aprendizaxe e/ou investigación en todas as áreas do currículo.

## **PRINCIPIOS DA ACTIVIDADE EDUCATIVA E APLICACIÓN**

A actividade educativa desenvolverase atendendo aos seguintes principios:

- a. A formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores en todos os ámbitos da vida (persoal, familiar, social,...)
- b. As programacións didácticas atenderán todos os aspectos relativos ao currículo e medidas de atención á diversidade para os alumnos que precisen un tratamento específico de acordo ás súas necesidades.
- c. A participación e colaboración dos pais ou titores para contribuír á mellor consecución dos obxectivos educativos. Participarán do seguinte xeito:

- Exercendo o seu dereito de ser candidato e/ou elector nas eleccións ao Consello Escolar e participando activamente nas decisións do centro a través de el.
- Como membros, se o desexan, da ANPA legalmente constituída.
- Visitando aos titores/profesores, na hora sinalada ao efecto ou noutra concertada previamente, para coñecer todo o relativo ao proceso de ensinoaprendizaxe do seu fillo.
- Colaborando nas propostas concretas dalgúns dos equipos do centro: EDL, equipo da biblioteca, etc
- As relacións entre pais e profesorado, por tratarse de persoas que colaboran, desde distintos ámbitos, nas tarefas educativas, deberán basearse no mutuo respecto e axuda para lograr as metas propostas, que son de interese común.
- A efectiva igualdade de dereitos, o rexeitamento a todo tipo de discriminación, e o respecto a todas as culturas, sempre que estas respecten os dereitos humanos.
- O centro terá sempre presente a igualdade dos alumnos de ambos sexos á hora de programar as súas actividades, non discriminando a ninguén por razón de sexo ou outra condición.
- Empregarase unha linguaxe non sexista, aínda que non se considerará actitude discriminatoria o emprego de termos xenéricos segundo as normas gramaticais usuais.

### **DESENVOLVEMENTO DAS CAPACIDADES CREATIVAS E DO ESPÍRITO CRÍTICO.**

- O centro dará cabida nas súas actividades a todas as que poidan desenvolver a capacidade creativa dos alumnos, fomentándoa a través de concursos, concertos,...
- Estimulará o espírito crítico presentando feitos analizados desde diversos puntos de vista. Á hora de abordar temas que van ser obxecto de crítica por parte do alumnado teranse en conta as idades.

### **FOMENTO DOS HÁBITOS DE COMPORTAMENTO DEMOCRÁTICO.**

- Tendo o centro o obxectivo fundamental de formar persoas para que convivan en sociedade os alumnos teñen que habituarse a desenvolver actitudes e valores que prevalezan en todas as circunstancias. Entre estes valores está o respecto aos demais e adquirir un comportamento democrático: oír e escoitar as opinións dos demais, debater con orden analizando os pros e contras, non tomar decisións precipitadas,...

## **A FORMACIÓN**

Baseada no esforzo e no traballo individual do alumno, como medios para obter os niveles de aprendizaxe esixidos.

- Sendo o ensino o primeiro instrumento de igualdade e cohesión social, no sentido de que debe outorgar idénticas posibilidades a todos, non se debe tender a un ensino “unificador” no que se presupón que todos os alumnos deben obter resultados similares, senón ter en conta a diversidade.
- Non se pode presupñer un descoñecemento dunha sociedade competitiva e en transformación na que o traballo, o esforzo persoal, a iniciativa e a responsabilidade individual, representan un papel esencial no futuro rol social.
- A autonomía pedagóxica dentro dos límites establecidos pola normativa vixente.
- A atención psicopedagóxica e a orientación: realizaranse estudos psicopedagóxicos aos alumnos que o precisen a petición do profesorado ou por petición dos pais ou doutra institución, despois de ser estudada polo orientador do centro.
- A metodoloxía activa que asegure a participación do alumnado nos procesos de ensino - aprendizaxe. A metodoloxía será activa e motivadora, asegurando a participación do alumnado nas actividades. Fomentarase no alumnado a capacidade de expoñer publicamente opinións e coñecementos, de escoitar con atención e respecto aos demais e de debater ordenadamente.

## **O TRABALLO EN EQUIPO:**

o anterior non impedirá a aportación desa capacidade de esforzo e traballo individual ao traballo en equipo, que será esencial para construír a aprendizaxe, baseada na consecución das competencias básicas.

## **A RELACIÓN CO ENTORNO SOCIAL, ECONÓMICO E CULTURAL.**

- Manteranse relacións institucionais cos organismos do entorno que teñan conexión coa actividade educativa. Poderán organizarse actividades conxuntas, colaborando en actividades e programas promovidos por elas, informando ao alumnado e familias de actividades que organicen outras institucións que poidan ser do seu interese, independentemente do ámbito de realización.
- Procurarase que os alumnos coñezan o entorno cultural no que está inmerso o Centro, para que poidan coñecer, entender e valorar a nosa cultura, comparala con outras e as diferencien e respecten. Facilitaranse mediante diversas actividades as relacións sociais, ben entre alumnos do propio centro ou ben con outros centros a través de actividades conxuntas.
- A formación no respecto e defensa do medio ambiente.
- Fomentaranse hábitos de consumo responsable e aproveitaranse as diferentes actividades fóra do centro para tratar de que observen que o mantemento do medio ambiente non ter porque estar en contradición co desenvolvemento económico e industrial. Así mesmo tratarase de que observen os aspectos danos e como se pode contribuír a recuperalo. Terase en conta, no entorno, a riqueza e o respecto do patrimonio histórico.



## OFERTA EDUCATIVA E DE SERVIZOS E SOLUCIÓNS ORGANIZATIVAS

### OFERTA EDUCATIVA E DE SERVIZOS

- Oferta educativa para as etapas de educación infantil e educación primaria.
- Ensino de idioma estranxeiro (Inglés) dende educación infantil 3 anos.
- Centro ABALAR - EDIXGAL
- Aulas de 5º e 6º de primaria EDIXGAL.
- Servizo de préstamo do fondo bibliográfico da biblioteca do centro.
- Educación Física no ximnasio ou na pista polideportiva.
- Aulas específicas para o ensino da música, lingua estranxeira e de relixión católica.
- Todas as aulas dotadas de medios audiovisuais, ordenador, PDI como apoio ao proceso de ensino- aprendizaxe.
- Aula de informática.
- Aula de experimentación
- Servizo de apoio de orientación á disposición das familias e atención ao alumnado con NEAE.
- Transporte escolar subvencionado.
- Comedor escolar pertencente á Rede municipal de comedores escolares.
- Biblioteca en horario de tarde de 16:30 a 18:30 horas e en tempos de recreo.
- Oferta de actividades complementarias e extraescolares, ofertadas pola ANPA e polo Concello de Ames.
-

## PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

### **PROXECTO “ABALAR”- AULAS E-DIXGAL**

O proxecto E-DIXGAL arrancou no curso 2014/2015. O proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) ten como obxecto favorecer a incorporación xeneralizada das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no desenvolvemento da actividade educativa, facilitando aos centros adscritos á Rede Abalar a dispoñibilidade de libros e doutros materiais dixitais cos que poidan desenvolver o seu proxecto curricular de 5º e 6º de educación primaria.

Contamos con acceso a unha contorna virtual de aprendizaxe cos contidos gratuítos proporcionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os centros deberán utilizar para o desenvolvemento curricular materiais de referencia dixitais, que poden proceder desta contorna e/ou proporcionados polo centro. Se o centro conta con libros e outros materiais didácticos poderán empregarse como complemento ou apoio.

O alumnado pode acceder ao material seleccionado polo profesorado tanto a través dunha conexión a internet (modo online) como dende o seu netbook (modo offline). Deste xeito, garántese que os alumnos e as alumnas que non dispoñan de conexión a Internet desde as súas casas, poidan seguir o curso sen dificultade. De feito, todo o avance que realicen sen conexión será actualizado de maneira automática na plataforma en canto o netbook volva ter conexión de rede.

O acceso á plataforma virtual de aprendizaxe é posible a través de calquera equipo con conexión a internet sempre que se faga uso das claves de acceso que lle son entregadas ao alumnado no centro. Porén o alumno que así o desexe, ten a posibilidade de utilizar tamén na súa casa o netbook (ordenador portátil) que emprega na clase, para o que deberá solicitar no centro un formulario de préstamo do mesmo, que devolverá asinado no prazo máis breve posible.

A utilización do ordenador portátil e das ferramentas e contidos dixitais instalados no mesmo é gratuíta para o alumno. As familias comprométense a que o alumnado realice un uso dilixente do equipamento, ao coidado dun equipo público, que poderá ser usado noutros cursos por outros alumnos, e a unha utilización vinculada á actividade educativa para a que é cedido.

### PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES (PLAMBE)

Con este proxecto se estimula a renovación das bibliotecas escolares de cara a que o centro conte cunha biblioteca que poida exercer as funcións que o sistema educativo e a sociedade de información demandan: **un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe**; pero tamén un **espazo de encontro entre os distintos sectores da comunidade educativa**, no que poder medrar e **formarse como lectores e como usuarios da información**. Bibliotecas que apoian a alumnado e profesorado en todos os procesos de aprendizaxe, que facilitan recursos variados e actualizados; **favorecen a adquisición de competencias clave** para o alumnado (lectura, aprender a aprender, competencia dixital, competencia informacional....); **ofrecen formación específica para o uso e produción de información**, e **posibilitan o acceso a actividades de extensión cultural** como presentacións de libros, recomendacións, recitais, lecturas compartidas, clubs de lectura, etc.

### USO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

Segundo o disposto no apartado 9 do capítulo III da Orde do 22 de xullo de 1997, para a utilización das instalacións dun centro público por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar do centro, presentarse a solicitude ante a dirección do centro, que solicitará do consello escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á delegación provincial de Educación, que resolverá o que proceda, despues de informe da inspección educativa. Para uso ocasional e con carácter excepcional, o director poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes. A utilización das

instalacións por parte das asociacións de pais de alumnos, asociacións de antigos alumnos e as súas respectivas federacións, sindicatos, movementos de renovación pedagóxica e grupos de profesores, só requírese a solicitude previa ao director do centro, cunha antelación mínima de tres días, quen concederá a autorización, no marco das directrices fixadas polo consello escolar, se o seu destino é a finalidade propia das devanditas institucións, sempre que non se altere o normal funcionamento do centro. As instalacións dos centros poñeranse sempre a disposición da Administración para a formación do profesorado, cursos para a educación de adultos, presencial ou a distancia, etc.

Neste curso, solicitaron autorización para uso das instalacións o Concello de Ames, “Medrando xuntos”, a ANPA a Maía e o Clube Deportivo kárate Ames

### **NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES**

- Os coordinadores, monitores, ou profesorado responsable procurarán que o alumnado cumpra durante as actividades extraescolares, as mesmas normas de orde e respecto que ten o centro en período lectivo
- Os familiares, titores ou acompañantes do alumnado que participa nas actividades respectarán estas normas e vixiarán para que as cumpran tamén os seus fillos/as
- alumnado estará sempre acompañados por unha persoa adulta responsable da actividade que se leve a cabo
- Velarase en todo momento polo uso axeitado das instalacións e o coidado das mesmas, utilizando únicamente aquelas para as que existe permiso concedido
- No desenvolvemento das actividades empregaranse os equipamentos e materiais didácticos que están autorizados, procurando sempre un uso e coidados axeitados dos mesmos

- As aulas ou instalacións utilizadas deben quedar do mesmo xeito que se atoparon respectando, se fora o caso, a disposición existente.
- Deben respectarse os horarios previstos para as actividades
- Todos debemos axudar a garantir a seguridade do alumnado e participar na súa formación en materia de autoprotección
- É importante a coordinación das tarefas co funcionamento do centro
- Respectaranse normas de entradas, saídas e acceso a dependencias
- É obrigatorio informar á dirección do centro sobre as incidencias que se produzan.

## PLAN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS


### TRANSPORTE ESCOLAR


O transporte escolar está a cargo da Empresa Rías Baixas. Está a funcionar con seis autocares que cubren as seguintes rutas e paradas:


Os horarios a ter en conta son os de saída da parada inicial. O horario das paradas seguintes é aproximado.

 **BUS nº 1:** Saída de Aldea Nova: 08:45h – Porto: 08:50h

 **BUS nº 2:** Saída Paseo Fluvial : 08:48h0

 **BUS nº 3:** Saída de Cortes: 08:35h. Condomiña: 08:40h- Tarroeira:08:45h – Praza da Maía: 08:50h

 **BUS nº 4:** Pedregal: 08:45h – Panadería Xallas: 08:50h

 **BUS nº 5:** Praza da Maía:08:40h - Panadería Xallas: 08:45h

 **BUS nº 6:** Centro Médico: 08:45H - Gadis: 08:50h

### **COMEDOR ESCOLAR**

Está a cargo do Concello a través da Rede Municipal de Comedores Escolares do Concello de Ames, é un proxecto no que o Concello asumiu, ademais da súa xestión, a elaboración da comida con persoal municipal, garantindo así, a calidade e o equilibrio nutricional dos menús e podendo integrar a todos os nenos con necesidades específicas en condicións de seguridade. Na actualidade, no CEIP A MAÍA, conta con 320 comensais, sendo preciso facer desdobres. [Acceso ao regulamento do servizo.](#)

## ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

### ÓRGANOS DE GOBERNO

A nivel interno o Centro conta cos seguintes órganos:

#### EQUIPO DIRECTIVO (ARTIGO 131 DA LOE)

- O equipo directivo, órgano executivo de goberno dos centros públicos, está integrado, actualmente, polo Director, Xefe de Estudos e Secretario.
- O equipo directivo traballará de forma coordinada no desempeño das súas funcións, conforme ás instrucións do Director e as funcións específicas legalmente establecidas.
- O Director, previa comunicación ao Claustro de profesores e ao Consello Escolar, formulará proposta de nomeamento e cese á Administración educativa dos cargos de Xefe de Estudos e Secretario de entre os profesores con destino no centro.
- Todos os membros do equipo directivo cesarán nas súas funcións ao termo do seu mandato ou cando se produza o cese do Director.

As competencias do Director están recollidas no artigo 132 da LOE.

En casos urxentes e excepcionais, as decisións serán tomadas polo Equipo Directivo, informando posteriormente ao Consello Escolar.

### ÓRGANOS COLEXIADOS

#### Consello Escolar

Órgano a través do que participan na xestión do centro os distintos sectores da comunidade educativa. Elixido ao amparo da lexislación vixente [(Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino escolar), (Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria), (Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se regula e aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria) e (Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitaria). O proceso de elección/renovación dos seus membros levarase a cabo no primeiro trimestre do curso que corresponda, de acordo coas datas establecidas pola Consellería de Educación e O.U.

Este Órgano ten as seguintes atribucións (artigo 127 da LOE)

- a).- Avaliar e aprobar os proxectos e as normas ás que se refire o capítulo II do título V desta Lei (PEC, proxecto de xestión, recursos, normas de organización e funcionamento, PXA,...).
- b).- Aprobar e avaliar a programación xeral anual (PXA) do centro sen prexuízo das competencias do Claustro de profesores, en relación coa planificación e organización docente.
- c).- Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- d).- Participar na selección do Director do centro nos termos que esta Lei establece. Ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría dos dous terzos, propoñer a revogación do nomeamento do Director.
- e).- Decidir sobre a admisión de alumnos con suxeición ao establecido na presente Lei e disposicións que a desenvolvan.



- f).- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo Director correspondan a condutas do alumno que prexudiquen gravemente a convivencia do centro. O Consello Escolar, a instancias de pais ou titores, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.
- g).- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- h).- Promover a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar e aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.
- i).- Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- j).- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- k).- Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles aspectos relacionados coa calidade da mesma.
- l).- Calquera outra que lle sexa encomendada pola Administración educativa.

➤ **Composición:** está acorde coa normativa vixente. É a seguinte:

- Director, que será o seu Presidente
- Xefe de Estudos

- Cinco representantes do profesorado elixidos polo Claustro.
- Cinco representantes de pais, elixidos por este sector. Un deles proposto pola ANPA.
- Un representante do persoal de Administración e Servizos
- Un representante (Concelleiro) do Excmo. Concello de Vilagarcía
- O secretario do centro que actuará como secretario do mesmo, con voz pero sen voto.

No seo do Consello Escolar, están en funcionamento os seguintes órganos e comisións:

➤ COMISIÓN ECONÓMICA

Constituída por un pai, un mestre, o Director e o secretario. Ten como misión fundamental a xestión racional dos recursos materiais dos que dispón o centro e informar ao Consello Escolar sobre cantas materias de índole económica se lle encomenden.

➤ COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Está integrada por:

- Director

- Xefe de Estudos
- Por parte do profesorado: dous profesores do mesmo nivel educativo e no seu defecto do mesmo ciclo.
- Por parte dos pais: polo representante, no Consello Escolar, nomeado pola ANPA e por outro pai elixido/proposto polo sector. De non haber representante da ANPA ocupará o seu posto o pai que acadara maior número de votos nas eleccións a representantes do Consello Escolar.

NOTA: As súas funcións recóllense no plan de convivencia.

➤ COMISIÓN DE BIBLIOTECA ESCOLAR

## **CLAUSTRO**

O claustro de profesores é o órgano propio de participación dos profesores no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro.

O Centro conta con profesorado especialista habilitado para todas as ensinanzas que imparte.

O Claustro presidirao o Director e está integrado pola totalidade dos profesores que prestan servizos no centro. Constituirá o eixe de cooperación e de toma de decisións de carácter pedagóxico e docente. Será informado puntualmente sobre os diferentes aspectos que poidan incidir no funcionamento do Centro.

As súas competencias recóllense no artigo 129 da LOE.

Así mesmo teranse en conta as subliñadas no Decreto 374/1996 (do 17 de outubro) e na Orde que o desenvolve (22 de xullo de 1997) mentres sigan vixentes e non entren en contradición coa LOE.

## ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

- 1. Comisión de Coordinación Pedagóxica**
- 2. Equipos de ciclo. Funcións xerais. Coordinadores**
- 3. Equipo de actividades complementarias e extraescolares**
- 4. Equipo de Dinamización Lingüística**
- 5. Equipo de Biblioteca**
- 6. Equipo de medios tecnolóxicos e da comunicación**

### **1.- Comisión de Coordinación Pedagóxica**

Integrada polo Director, como presidente; o Xefe de Estudos; os coordinadores de Ciclo; o profesorado de apoio a alumnos con N.E.A.E. e o coordinador do Equipo de Dinamización Lingua Galega. De secretario actuará un membro da Comisión, designado polo Director, oídos os restantes membros.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica reunirse cunha periodicidade mensual e celebrará unha sesión extraordinaria ao comezo do curso, outra ao remate e cantas se consideren necesarias.

A Comisión deberá establecer durante o mes de setembro, e antes do inicio das actividades lectivas, un calendario de actuacións para o seguimento e avaliación das programacións de etapa e das posibles modificacións, que poidan producirse, como resultado da avaliación.

As súas competencias son as seguintes:

- Elevar propostas ao claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración das concrecións curriculares.
- Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa e o plan de acción tutorial se realice conforme os criterios establecidos polo claustro.
- Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do centro, as concrecións curriculares e a PXA.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo e do plan de acción tutorial, así como das ACS.
- Canalizar as necesidades de formación do profesorado cara ao centro de Formación Continuada do Profesorado.
- Realizar, de ser o caso, a proposta ao Xefe de Estudos co fin de que se designe o responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- Propoñer os profesores que han de formar parte do equipo de normalización e dinamización lingüística, biblioteca e TIC.
- Cooperará cos profesores do Centro en programas axeitados para ensinar a pensar, a estudar, e a mellorar a interacción entre alumnos e profesores.
- Elaborar conxuntamente co equipo de profesores estratexias para fomentar a autoestima dos alumnos, a convivencia, a ampliar as dimensións transversais do currículo (educación para a paz, educación para a saúde, coeducación, etc.) mediante charlas, coloquios, vídeos e actividades lúdicas.
- Coordinarase co Orientador, profesorado de apoio, de apoio á integración, etc., nos casos de alumnos que manifesten necesidades educativas especiais ou de inadaptación escolar ou social.
- Elaborar propostas de realización de actividades complementarias e extraescolares.

- Formular ao equipo directivo e ao Consello Escolar propostas para a elaboración dos Proxectos do Centro e da Programación Xeral Anual.
- Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da Programación Xeral Anual.
- Fixar os criterios referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos.
- Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- Elixir aos seus representantes no Consello Escolar do centro e participar na selección do Director nos termos establecidos por esta lei.
- Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro.
- Emitir informe sobre as normas de organización e funcionamento do centro.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente.
- Proponer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.

## **2.-Equipos de ciclo. Funcións xerais. Coordinadores**

Están integrados por os mestres que imparten docencia nel. Son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión do Xefe de Estudos, as ensinanzas propias do ciclo.

Os ciclos serán: un en Educación Infantil e en educación Primaria, aínda que coa LOE\_LOMCE xa non existen os ciclos, a nivel funcional hai 3.

Os Equipos de Ciclo reuniranse ao menos unha vez cada mes, segundo o calendario proposto para cada curso escolar e cantas veces mais sexan convocados ou o consideren oportuno. Todos os profesores teñen a obriga de asistir ás reunións.

Periodicamente as reunións terán por obxecto avaliar o desenvolvemento da práctica docente e aplicar as medidas correctoras que esa avaliación aconselle. Un resumo do tratado nestas reunións será recollido nas actas correspondentes redactadas polo coordinador de ciclo.

Para facer posible o cumprimento destas tarefas e facilitar as reunións periódicas entre todos os mestres, na P.X.A. incluírase o calendario de reunións de todos os equipos, independentemente de que poidan variarse en función das necesidades.

En cada trimestre e ao final de curso, os equipos de ciclo e profesorado especialista recollerán nunha memoria a avaliación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A memoria, redactada polo coordinador de ciclo, coas aportacións feitas polos compoñentes do mesmo, será entregada na secretaría do centro nas datas fixadas pola dirección e en todo caso 15 días antes da data fixada para as reunións de claustro. Estas memorias teranse en conta para a realización do P.X.A. do próximo curso.

### **FUNCIÓNS XERAIS DOS EQUIPOS DE CICLO**

De acordo coas directrices fixadas polo Claustro de Profesores, realizarán, polo menos, as seguintes funcións:

- Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro relativas á elaboración do proxecto educativo e programación xeral anual.
- Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración das concrecións curriculares de etapa ou modificación das mesmas.
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.

- Elaborar a programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.
- Revisar as programacións verticais das diferentes áreas e adaptalas aos distintos ciclos e niveis. Proceder á súa avaliación e establecer, se é o caso, as medidas correctoras oportunas.
- Diseñar e elaborar, se é o caso, material didáctico e propoñer a adquisición daquel que non poida elaborarse e se considere conveniente adquirilo.
- Propoñer a adopción dos libros de texto e demais material complementario, como elemento auxiliar para a aplicación da programación elaborada.
- Coordinación do uso de recursos didácticos.
- Promover o intercambio de experiencias e iniciativas no ámbito de experimentación e innovación pedagóxica.
- Fixar criterios para a avaliación do alumnado, para a súa recuperación e para a elaboración de programas de desenvolvemento individual.

### **COORDINADORES**

Cada un dos equipos de ciclo estará dirixido por un coordinador que desempeñará o seu cargo durante dous cursos académicos. Serán designados polo Director, oído o equipo de ciclo. Deberán ser mestres que impartan docencia no ciclo, preferentemente, con destino definitivo e horario completo no centro.

Correspóndelle ao coordinador de ciclo:

- Dirixir e coordinar as actividades académicas do equipo de ciclo.
- Convocar e presidir as reunións do equipo de ciclo.
- Participar na elaboración da concreción curricular de etapa e elevar á comisión de coordinación pedagóxica as propostas formuladas a este respecto polo equipo de ciclo.
- Coordinar as funcións de tutoría dos alumnos de ciclo.



- Coordinar a ensinanza no correspondente ciclo de acordo coa concreción curricular
- Responsabilizarse da redacción da programación didáctica do ciclo.
- Responsabilizarse de que se levante acta das reunións e de que se elaboren os informes trimestrais e a memoria final de curso.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento específico do equipo.
- Aquelas outras funcións que lle encomende o Xefe de Estudos na área da súa competencia, especialmente as relativas ao reforzo educativo, adaptación curricular e actividades complementarias.

Os coordinadores de ciclo cesarán nas súas funcións ao final do seu mandato ou ao producirse algunha das causas seguintes:

- Renuncia motivada aceptada polo Director, oído o equipo de ciclo.
- Revogación polo Director por proposta do equipo de ciclo mediante informe razoado, con audiencia do interesado.
- Cando algún coordinador cese antes de finalizar o prazo para o que foi nomeado, o Director nomeará un profesor que o substitúa ata o 30 de xuño, de acordo co procedemento sinalado no artigo 55º do Decreto 374.

### **3.- Equipo de actividades complementarias e extraescolares**

Estará integrado polo seu xefe e para cada actividade concreta, polos profesores que participan nela, variando o número de participantes segundo a actividade que se realice en cada momento.

O obxectivo prioritario do Equipo de Actividades complementarias e extraescolares é o de planificación e organización das actividades a levar a cabo de xeito coordinado e consensuado entre a Xefatura de Estudos, o Coordinador do propio Equipo, os Coordinadores de Ciclo e os titores dos alumnos implicados ou calquera outro equipo constituído no centro.

O xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares será un profesor, preferentemente con destino definitivo no centro, que designe o Director por proposta do Xefe de Estudos, oída a comisión de coordinación pedagóxica. O xefe do equipo de actividades

complementarias e extraescolares actuará baixo a dependencia directa do Xefe de Estudos e en estreita colaboración co equipo directivo. Será nomeado por un período de dous anos e cesará ao producirse algunha das circunstancias previstas no artigo 59º do Decreto 374.

Cando o cese sexa anterior á finalización do prazo para o que foi designado, o Director nomeará de acordo co procedemento sinalado no artigo 66º do mencionado Decreto un profesor ata o 30 de xuño.

O xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares terá, entre outras, as seguintes funcións:

- Elaborar o programa anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos equipos de ciclo, dos profesores e dos pais e as orientacións do claustro e comisión de coordinación pedagóxica.
- Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.
- Proporcionarlles aos alumnos e aos pais a información relativa ás actividades do equipo.
- Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os equipos de ciclo e a asociación de pais.
- Coordinar a organización dos intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen cos alumnos.
- Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria de centro.
- Presentar propostas ao equipo directivo para a realización e intercambio de actividades cos centros do seu contorno.

Para o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:

- Aprobación do consello escolar.
- Autorización escrita dos pais ou titor legal.
- Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada vinte alumnos.

Os centros facilitarán e promoverán a participación dos distintos sectores da comunidade educativa tanto a título individual como a través das súas asociacións e os seus representantes no consello escolar, na selección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares

O plan de traballo consiste en coordinar as actividades plásticas, literarias, musicais e deportivas nas que participe o Centro, incluíndo as de ambientación para as festas que se celebran nel, así como colaborar na organización do uso da biblioteca do Centro, dos medios audiovisuais, das diferentes campañas, das distintas saídas, etc.

Das actividades a realizar, algunhas serán de carácter prescriptivo a proposta da Administración Educativa (conmemoracións). Outras poderán proceder tanto de iniciativas xurdidas no propio Centro como de propostas de Institucións externas ao mesmo. Colaborará na organización de todas elas e, ademais, será o encargado de organizar as actividades propostas na Programación Xeral Anual.

A nivel de procedemento, solicitarase ao comezo do curso, para as saídas contempladas na PXA e as que se oferten con posterioridade e se consideren de interese didáctico dentro do Concello de Santiago, autorización escrita e asinada polos pais ou titores dos alumnos para a participación destes en todas as actividades que se vaian desenvolver e que impliquen a saída do Centro. Así mesmo solicitarase autorización para ser fotografados ou gravados en vídeo nas diferentes actividades e saídas que se realicen, dentro ou fóra do recinto escolar.

No suposto de que existan alumnos aos que non se lles autorice a saída, e se o número é reducido incorporaranse a outra aula, preferentemente do mesmo ciclo, sempre e cando non haxa un profesor dispoñible.

#### **4.- Equipo de Dinamización Lingua Galega**

O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística estará constituído, como mínimo, por un profesor de cada ciclo a proposta da comisión de coordinación pedagóxica. Un destes profesores actuará de coordinador. Será nomeado polo director por proposta dos compoñentes do equipo e desempeñará as súas funcións durante dous anos. Preferentemente terá destino definitivo no centro. Poderán incorporarse, para temas puntuais, outros membros da comunidade educativa. A finalidade fundamental será potenciar o uso da lingua galega.

Son competencias do equipo:

- Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
- Propoñer o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
  - a. Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
  - b. Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellor a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Propoñer o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.

- Elaborar e dinamizar un plan de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
- Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.

Son competencia do coordinador:

- Colaborar na elaboración das concrecións curriculares das etapas.
- Responsabilizarse da redacción dos planos que han de ser propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
- Convocar e presidir as reunións do equipo.
- Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- Proporcionarlles aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.
- Traballar en colaboración cos outros equipos e coa Comisión de Coordinación Pedagóxica.

#### **Plan de traballo**

O plan de traballo fai referencia a dous puntos claves:

#### **Plan xeral para o uso do idioma:**

- Redacción de documentos en galego.
- Usar a cotío no centro a lingua galega.
- Elaboración de textos en galego.
- Adquisición do gusto pola nosa lingua.
- Coñecemento da lingua galega.

- Emprego do galego en todas as materias posibles, tanto falado como escrito

### **Plan específico para o ensino da Lingua Galega**

- As materias que se impartirán en galego son:
  - Lingua Galega
  - Ciencias da natureza
  - Ciencias sociais
  - Educación Musical
  - Educación física
- As materias que se imparten en Lingua Castelán:
  - Lingua Castelán
  - Matemáticas
  - Plástica
  - Relixión/Valores

Organízanse diferentes actividades conxuntamente con outros equipos

### **5.- Equipo de biblioteca**

**Coordinador/ responsable:** será un profesor que se nomeará ao principio de curso. De ser posible será un profesor con destino definitivo no centro designado polo Director, e oído o claustro. Para a designación do responsable terase en conta:

Que teña preferentemente formación específica e de ser posible experiencia no traballo co programa de xestión de bibliotecas “meiga” e a súa aplicación didáctica e dispoñibilidade horaria.

As competencias do equipo terán por finalidade:

- Coordinar e dinamizar o uso da biblioteca do centro
- Recompilar e tratar a documentación
- Asegurar a organización, mantemento, e adecuada utilización dos recursos documentais e da Biblioteca do Centro.
- Difundir materiais didácticos e información administrativa, pedagóxica e cultural entre os mestres e os alumnos.
- Ter ao día o inventario dos fondos bibliográficos do centro
- Facilitar os medios para a óptima utilización da biblioteca
- Establecer un calendario e un horario de uso da mesma
- Establecer canles de comunicación con outros centros documentais externos e outras institucións fundamentalmente do entorno social e cultural do colexio
- Asesorar na compra de novos materiais e fondos para a biblioteca.
- Colaborar na promoción da lectura como medio de información, entretemento e ocio.
- Elaboración do plan anual de lectura.

Os obxectivos:

- Organizar a biblioteca escolar como un espazo próximo ao coñecemento onde se estruturen os distintos recursos e soportes do saber actual, con capacidade para fomentar a lectura, acercarse ás tecnoloxías da información e da comunicación e ás

distintas fontes do saber e do coñecemento.

- Organizar o uso da biblioteca para que sirva de instrumento para o desenvolvemento das distintas propostas do centro e de cada unha das súas áreas curriculares e, máis concretamente, da lectura e da escritura.
- Estender o uso da mesma ao horario extraescolar e a toda a comunidade educativa.
- Continuar coa mellora do seu espazo e infraestrutura de modo que sexa o lugar idóneo para o estudo e a investigación.
- Dotar á biblioteca do equipamento informático necesario, de modo que se converta nun auténtico espazo virtual de recursos, catálogos e información.
- Aumentar e actualizar permanentemente os fondos bibliográficos, os xogos e materiais que axuden a fomentar o gusto pola lectura e a escritura.
- Optimizar os horarios de atención e uso da biblioteca formando un responsable de biblioteca con tempo suficiente para dedicarse á mesma.
- Formar ao profesorado no uso da biblioteca escolar.
- Catalogar os fondos existentes dun modo adecuado e empregando sempre o programa de xestión MEIGA.
- Poñer o Proxecto Lector e o uso da biblioteca a disposición de todos os proxectos do centro.
- Colaborar na promoción da lectura como medio de información, entretemento e ocio.

## **6.- equipo de medios tecnolóxicos e da comunicación**

O coordinador será un profesor nomeado pola dirección, preferentemente con destino definitivo no centro.

Presentará un plan de traballo, preferentemente bianual, sobre a proposta de traballo que terán como finalidade:



- Coordinar e dinamizar a integración curricular das TIC no centro.
- Fomentar a utilización por parte do resto dos mestres das tecnoloxías audiovisuais ou informáticas na súa actividade docente.
- Elaborar propostas para a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro e velar polo seu cumprimento.
- Elaborar/revisar ao principio de curso o proxecto de traballo a incluír na P.X.A., así como a memoria anual das actividades realizadas.
- Coordinar as actividades que se realicen no Centro en relación co uso destes medios.
- A supervisión da instalación, configuración e desinstalación do software de finalidade curricular.
- Asesorar ao profesorado sobre materiais curriculares en soporte multimedia, o seu uso e estratexia de incorporación á programación didáctica.
- Realizar a análise de necesidades do centro en relación coas TIC.
- Colaborar co centro de formación na elaboración dun itinerario formativo no centro que dea resposta ás necesidades formativas, que neste ámbito, teña o profesorado.
- Apoio e asesoramento ao profesorado sobre a decisión e uso de sistemas de axudas técnicas de acceso as tecnoloxías dos alumnos con NEE.

O horario do coordinador en tempo lectivo, para esta función, estará acorde coas orientacións indicadas pola administración educativa.

## PROFESORADO. AS SÚAS FUNCIÓNS

As funcións do profesorado, que realizarán baixo o principio de colaboración e traballo en equipo, son, entre outras, as seguintes (artigo 91 da LOE):

- a) A programación e o ensino das áreas, materias e módulos que teñan encomendados.
- b) A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado, así como a avaliación dos procesos de ensino.
- c) A titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.
- d) A orientación educativa, académica dos alumnos, en colaboración, de ser o caso, cos servizos ou departamentos especializados.
- e) A atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado.
- f) A promoción, organización e participación nas actividades complementarias, dentro ou fóra do recinto educativo, programadas polos centros.
- g) A contribución a que as actividades do centro se leven a cabo nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar nos alumnos os valores da cidadanía democrática.
- h) A información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos, así como a orientación para a súa cooperación neste.
- i) A coordinación das actividades docentes, de xestión e de dirección que lles sexan encomendadas.
- j) A participación na actividade xeral do centro.
- k) A participación nos plans de avaliación que determinen as administracións educativas ou os propios centros.
- l) A investigación, a experimentación e a mellora continua dos procesos de ensino correspondente.

## **PROFESORES TITORES**

A titoría e orientación dos alumnos formarán parte da función docente. O Xefe de Estudos coordinará o traballo dos titores e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción tutorial.

Cada grupo de alumnos terá un mestre titor que será designado polo Director a proposta do Xefe de Estudos. A titoría de cada grupo de alumnos, recaerá preferentemente no mestre que teña maior horario semanal con ese grupo.

O profesor titor manterá unha relación permanente coas familias do alumnado, atendendo á conciliación profesional e familiar, teraas informadas sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio - educativa dos seus fillos e escoitaraas naquelas decisións que afecten a orientación académica dos seus fillos, sen prexuízo, se é o caso, das competencias do Departamento de Orientación.

Cada mestre titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes:

1. Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do Xefe de Estudos.
2. Proporcionar no principio de curso, aos alumnos e aos pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo, ...
3. Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
4. Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
5. Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza - aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.

6. Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos do seu grupo.
7. Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades planificadas polo centro.
8. Orientar aos alumnos dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
9. Informar ao equipo de profesores que inciden no grupo, das características do grupo de alumnos especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
10. Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.
  - a. profesor titor manterá unha relación permanente coas familias do alumnado, atendendo á conciliación profesional e familiar, teraas informadas sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio - educativa dos seus fillos e escoitaraas naquelas decisións que afecten a orientación académica dos seus fillos, sen prexuízo, se é o caso, das competencias do Departamento de Orientación.
  - b. Cada mestre titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes:
11. Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do Xefe de Estudos.
12. Proporcionar no principio de curso, aos alumnos e aos pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo, ...
13. Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
14. Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
15. Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza - aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas

educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.

- 16.Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos do seu grupo.
- 17.Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades planificadas polo centro.
- 18.Orientar aos alumnos dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- 19.Informar ao equipo de profesores que inciden no grupo, das características do grupo de alumnos especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- 20.Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.
- 21.Organizar e presidir as sesións de avaliación
- 22.Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos dun ciclo a outro, logo da audiencia dos pais ou titores..
- 23.ñ) Atender, xunto co resto do profesorado, os alumnos mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.
- 24.Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- 25.Colaborar cos demais titores no marco da concreción curricular do centro.
- 26.Orientar as demandas e inquedanzas dos alumnos e mediar ante o resto de profesores, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- 27.Informar aos alumnos do grupo, aos pais e aos profesores de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos nas dúas linguas oficiais.
- 28.Facilitar a cooperación educativa entre os profesores e os pais dos alumnos.
- 29.Exercer a coordinación entre os demais profesores do grupo.
- 30.Cumprimentar os documentos relativos ao seu grupo de alumnos.
- 31.Controlar a falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos, e ter informados aos pais ou titores e ao Xefe de Estudos.

32. Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.

33. Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción tutorial.

O horario do profesor tutor incluírá unha hora complementaria semanal para a atención aos pais. Esta hora será os luns de 16:30 a 17:30 horas. Comunicaráselle aos pais dos alumnos ao comezo do curso académico. Así mesmo, e en caso de incompatibilidade horaria por parte das familias, facilitará as entrevistas noutros tempos.

- Os tutores, coordinarán a súa labor a través das correspondentes reunións. Así mesmo realizarán, de ser o caso, as reunións oportunas por niveis.
- Realizarán a correspondente coordinación cos Equipos de actividades Complementarias e Extraescolares, de Normalización e Dinamización Lingüística, de biblioteca, TIC,... en estreita relación coa Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Serán os responsables de cumprimentar e enviar o informe escrito ás familias, como mínimo unha vez ao trimestre, así como de recoller e comprobar os xustificantes de recepción.
- O Xefe de Estudos coordinará os traballos dos tutores e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento do plano de acción tutorial.

### **PROFESORES ESPECIALISTAS E NON TITORES. FUNCIÓNS**

- Educación Física: imparte a área na etapa da Educación Primaria e Educación Infantil (si é posible).
- Idioma Estranxeiro (INGLÉS): impártese a todo o alumnado do Centro, por estar o centro acollido ao proxecto de anticipación da primeira lingua estranxeira - Inglés.
- Educación Musical: imparte a área de Música na Etapa da Educación Primaria e en EI (si é posible)
- Profesorado de PT e AL: atenden as necesidades de todo o alumnado do centro.

- Profesorado de Relixión e Moral Católica: Dúas mestras imparten a área en Educación Infantil e Educación Primaria.

As **funcións** do profesorado especialista e do profesorado que non ten asignada titoría son as seguintes:

- Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial colaborando cos profesores tutores.
- Participar no proceso de avaliación dos alumnos dos diferentes grupos.
- Atender as dificultades de aprendizaxe dos alumnos para proceder á adecuación persoal do currículo.
- Facilitar a integración dos alumnos no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do Centro.
- Orientar e asesorar aos alumnos sobre as súas posibilidades educativas na área respectiva.
- Colaborar na orientación educativa.
- Encauzar os problemas e inquietudes dos alumnos.
- Informar aos profesores tutores do grupo de todo o que lles concirna con relación ás actividades docentes e ao rendemento académico dos alumnos.
- Atender e coidar, xunto co resto dos Profesores do Centro, aos alumnos nos períodos de recreo, nas entradas e saídas do centro e nas actividades complementarias e extraescolares que programe o Centro.
- Non deixar solos aos alumnos en ningún espazo do centro.
- Facer propostas de actividades complementarias e extraescolares relacionadas coa súa área.

## **PROFESORADO DE PT E AL.**

### Funcións específicas Profesorado de AL

- Detección de posibles dificultades de linguaxe do alumnado, avaliación e diagnóstico de ditas dificultades con vistas á elaboración do plan de traballo correspondente, en coordinación co orientador.
- Intervención nas aulas de Educación Infantil (Programa de estimulación da linguaxe oral), de existir dispoñibilidade horaria.
- Avaliación e tratamento de alumnos con dificultades de linguaxe oral ou no ámbito da lecto-escritura.
- Apoio escolar a alumnos con deficiencias auditivas.
- Tratamento das dificultades no desenvolvemento da linguaxe oral dos alumnos. Sempre que sexa posible, o tratamento levarase a cabo dentro da aula ordinaria e en todos os casos contando coa colaboración dos profesores tutores e das familias. Cando non poida ser así, realizarase fóra da aula ordinaria, individualmente ou en pequenos grupos, en sesións de, aproximadamente, 20 minutos.
- Colaboración co resto do profesorado nas ACS das áreas de Lingua, revisando conxuntamente o grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Teranse encontros periódicos coas familias, en coordinación cos tutores, orientador e profesorado de PT se é necesario, co fin de informarles sobre a evolución do alumno e no seu caso, establecer programas de traballo na casa.

## **PROFESORADO DE P.T.**

Os apoios estableceranse no mes de setembro unha vez coñecidas as novas necesidades do centro. Procurarase, que a súa actividade se desenvolva dentro da aula. O traballo centrarase fundamentalmente nos seguintes aspectos:

- Atención de alumnos con NEE asociadas a discapacidade motorica.



- Atención a alumnos con necesidades educativas específicas de integración. Os agrupamentos realizaranse tendo en conta a homoxeneidade dos niveis de maduración e aprendizaxe, procurando respectar o criterio de ciclo. Para lograr unha maior integración no grupo de referencia, os alumnos con necesidades educativas especiais de Primaria seguirán, se é posible, cos apoios e coas adaptacións precisas, as actividades de Educación Física, Inglés, Educación Musical, Informática e Relixión integrados nos seus grupos respectivos.
- Atención ao alumnado diagnosticado de necesidades educativas específicas por sobredotación.
- Apoio a alumnos con problemas de aprendizaxe, retraso escolar,...
- Atención ó novo alumnado chegado do estranxeiro (En ausencia do Profesor de AL)
- Selección e elaboración de material adaptado ás necesidades educativas especiais para traballar na aula de apoio. Colaboración con titores na selección de materiais de aula.
- Coordinación cos titores, orientador e logopeda para elaborar as ACS.

## **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

Realiza actividades de diagnóstico, orientación, organización, atención á diversidade, etc. así como de asesorar ao profesorado no Plan de acción tutorial e nas adaptacións curriculares ou flexibilizacións das idades de escolarización, que procedan.

O plan de traballo previsto para cada curso escolar incluírase na PXA.

### **OBXECTIVOS DO DEPARTAMENTO**

#### **1. Referidos ao centro:**

- Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa.
- Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias
- Elaborar propostas de medidas específicas de atención á diversidade.
- Elaborar o Plan de Acción Tutorial.

2. Referidos ao alumnado:

- Contribuír á personificación dos procesos de ensino-aprendizaxe.
- Procurar a integración do alumnado no seu grupo e na escola.
- Desenvolver programas de adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual, estratexias de aprendizaxe e hábitos de estudo.
- Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con NEAE, concretando as pautas de actuación e as medidas para a súa atención.
- Fomentar no alumnado actitudes cooperativas no centro e no contorno.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas do alumnado que presente dificultades de aprendizaxe.

3. Referidos ao profesorado:

- Coordinar as actuacións do profesorado titor, especialistas en P.T. e A.L. e orientalas de cara a dar resposta ás NEAE do alumnado.
- Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre recursos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer o seu labor docente.

4. Referidos ás familias:

- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos.
- Informar e asesorar ás familias do alumnado, en especial do que ten ANEAE.

## PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.

O P.A.S. deste Centro consta de un conserxe nomeado e dependente do Concello de Ames, unha auxiliar administrativo e dúas coidadora nomeadas e dependentes da Consellería de Educación.

### CONSERXE

As competencias do conserxe son as seguintes:

- Vixiar e custodiar as dependencias.
- Abrir e pechar as dependencias.
- Coidar a orde e convivencia nas instalacións públicas e aviso aos responsables cando se producen alteracións.
- Realizar tarefas básicas de limpeza.
- Dar información ao público sobre dependencias e localización de oficinas.
- Realizar tarefas de apoio en actos protocolarios, recepcións e eventos similares.
- Axudar en traballos de mantemento e reparacións das instalacións que non esixan unha especial cualificación técnica.
- Calquera outra, correspondente á súa categoría e propia no departamento no que se integra.
- Atender ás solicitudes feitas pola dirección do centro, sempre e cando entean dentro do seu marco competencial.

As coidadoras do Centro atenden ao alumnado que nea coas seguintes funcións:

- Atención e limpeza do alumnado.

- Atención no comedor escolar.
- Colaboración na vixilancia dos recreos.
- Colaboración nos cambios de aulas e vixilancia nas clases.
- Recepción e entrega no transporte.
- Axudar ao alumnado na preparación e recollida de material, así como tamén na realización de actividades escolares que o esixan e sempre en colaboración cos docentes do alumno ou alumna.
- Acompañamento e colaboración en actividades extraescolares (excursións, festivais,...)
- Procurarlle ao alumnado un ambiente de confort, axuda e pracer que propicie o seu benestar no centro.

#### PERSOAL ADMINISTRATIVO.

Os auxiliares administrativos axudan a manter o correcto e eficaz funcionamento das oficinas. Realizan unha gran variedade de funcións administrativas como a actualización, rexistro e almacenamento de información; fotocopiado; arquivado; tratamento de textos; atención telefónica e xestión do correo postal e electrónico.

Os auxiliares administrativos traballan en despachos e oficinas, contribuindo ao bo funcionamento dos sistemas administrativos e de información da empresa. Xeralmente traballan baixo a supervisión do administrativo ou dun superior xerárquico.

Entre as súas funcións concretas destacan:

- apoio administrativo, levando a cabo tarefas como o envío de correos electrónicos, fotocopiado, arquivado, atención ao teléfono, rexistro das mensaxes e xestión dos artigos de papelería e outros materiais. Tamén adoitan realizar substitucións en recepción ou na central telefónica.

- Recollida da correspondencia e entrega ao correspondente departamento ou membro do persoal. Tamén poden xestionar o correo saínte e preparalo para o seu envío.
- Control e actualización de rexistros. Actualmente, a maioría das empresas utilizan bases de datos informatizadas para desenvolver esta función, aínda que pode ser necesario o rexistro de información cumprimentando formularios ou escribindo notas.
- Xestión dos sistemas de arquivado. Asegúranse de que os documentos importantes estean debidamente rexistrados e almacenados. Posteriormente, poden atopar a información a petición doutros membros do persoal.
- Administración dos datos do persoal, como as fichas de horas traballadas, as ausencias do persoal, contribucións de xubilación, reclamacións de reembolso por gastos e dereitos a vacacións.
- Contabilidade. Algúns profesionais teñen responsabilidade nos aspectos financeiros da administración da oficina, como a preparación de facturas e o cálculo do custo dos pedidos dos clientes. Poden encargarse de calcular os salarios sobre a base das follas de asistencia dos empregados, a dedución de impostos, o seguro de enfermidade e as cotizacións á seguridade social.
- Tratamento de textos. Encárganse de transcribir textos a partir dun borrador ou de voz gravada (transcrición de audio).

## ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS.

Este centro conta cunha ANPA que corresponde cos seguintes datos:

Nome: *ANPA CEIP A MAÍA*

Dirección: *Avda. da Peregrina s/n.-Bertamiráns – Ames.*

C.P. : *15220*

Correo electrónico: *anpavaldamaiaemail.com*

*Estatutos:* <http://anpa-maia.es/wp-content/uploads/2018/09/Estatutos-ANPA-CEIP-A-MAIA-2012.pdf>

## ASPECTOS CURRICULARES

### EDUCACIÓN INFANTIL

#### REFERENTES LEXISLATIVOS

O Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo cal se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A educación, sendo unha responsabilidade fundamental das familias, debe configurarse tamén como un proxecto global, colectivo e compartido entre a escola e a familia, que teña como perspectiva a formación e convivencia do conxunto da cidadanía, desde o seu nacemento e ao longo de toda a vida.

Considérase que a educación infantil é un proceso de construción e cooperación entre nenas, nenos e persoas adultas, que comparten habilidades, dificultades, logros, conquistas e cuxo obxectivo se centra en aproveitar ao máximo as capacidades do alumnado, potenciándoas e afianzándoas a través da acción educativa, respectando a diversidade e as posibilidades de cada alumna e de cada alumno. Os obxectivos desta etapa contribuirán a desenvolver capacidades que se corresponden cos procesos evolutivos propios destas idades.

#### OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN INFANTIL

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Obxectivos que se plantexan nesta etapa en función do contexto do noso centro relativos a:

1) Alumnado:

- 1. Que os nenos e nenas se sintan valorados polo que son e non polo que fan mantendo una actitude positiva e de aceptación na que se consideren as características psicoevolutivas e persoais, así como a diversidade de de nenos e nenas.
- 2. Xerar espazos e tempos que fomenten a creación, a responsabilidade e o descubrimento do mundo que os rodea así como a súa interacción co mesmo.
- 3. Fomentar tarefas que fagan mellorar a súa comprensión e expresión é dicir que contribúan a mellora da súa comunicación.



## 2) Familias:

1. Favorecer as relación da familia co centro e co persoal do mesmo, facendoos partícipes da vida dos seus fillos no centro e implicándoos no proceso de ensinanza aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

2. Fomentar os cauces e espazos de comunicación coas familias a través das distintas titorías e axenda escolar.

## .3) Institucións:

1. Ofrecer e impulsar cauces que potencien e garantan a participación de todos os sectores implicados no centro.

## **ÁREAS DA EDUCACIÓN INFANTIL**

Os contidos educativos da educación infantil organízanse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil e abordaranse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para as nenas e os nenos. Non hai materias e debe evitarse a segmentación das áreas. Son as seguintes:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.
- Linguaxes: comunicación e representación

## **MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN: LIÑAS DE ACTUACIÓN.**

Organizaranse os contidos tendendo cara a un «enfoque globalizador», que debe entenderse como a opción que determina que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacións globais –situacións comunicativas, conflitos ou cuestións sociais, problemas de calquera tipo...nas cales se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas.

Na proposta didáctica terán cabida as secuencias de aprendizaxe, os proxectos ou as unidades didácticas que engloben contidos de diferente tipo e de distintas áreas, aínda que tamén é conveniente planificar outras actividades que alternen coas propostas globalizadas.

Atenderase os seguintes aspectos:

É importante ofrecerlles ás nenas e ós nenos situacións de aprendizaxe nas cales poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións. Para iso, pódense empregar diversas estratexias e recursos: a través de preguntas, follas de planificación, cos seus propios debuxos, opinións e propostas nos tempos de faladoiro, e mesmo a caixa de suxestións.

A organización de proxectos, consensuados, negociados e levados a cabo colectivamente polo grupo, ou a realización de asembleas para comentar acontecementos ou discutir e decidir determinados aspectos da actividade diaria constitúen valiosas estratexias que a persoa docente utilizará porque son altamente motivadoras e favorecen o desenvolvemento das relacións interpersoais, o establecemento de vínculos afectivos, así como que a nena e o neno se sintan membros do grupo e participen activamente nel.

A formulación de preguntas abertas por parte da mestra ou mestre acerca de determinados feitos ou situacións, á parte de estimular a linguaxe infantil, contribúe eficazmente a ensinarlles ás nenas e ós nenos a facerse interrogantes pertinentes e a buscar respostas axeitadas, promovendo o diálogo e o intercambio de opinións sobre calquera tema que se estea investigando na aula.

É imprescindible destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa, xa que as cativas e os cativos, mentres xogan, manipulan obxectos nun espazo e nun tempo, crean e transforman -formas, tamaños, espazos, volumes-, establecen relacións, deseñan situacións e invisten a acción da súa emotividade e simbolismo; manifestan a través desta actividade lúdica as súas vivencias e experiencias e van afondando en novos niveis de relación e de interacción.

A afectividade debe ser o fío condutor de toda situación de ensino-aprendizaxe. As nenas e os nenos deben sentirse seguros e construír coñecemento a partir da formación dunha autoimaxe positiva.

## **ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS**

## **METODOLOXÍA PEDAGÓXICA**

Estas orientacións metodolóxicas son na súa maioría de tipo xeral e refírense a máis dun obxectivo ou contido. Varían no seu nivel de especificación, dependendo da complexidade dos obxectivos ou do grado de innovación destes respecto das prácticas habituais na educación infantil.

Enfatizan as actitudes e as respectivas accións que as persoas docentes deben realizar, co fin de xerar ambientes propicios para o logro das aprendizaxes esperadas. Destaca, así mesmo, a necesidade de variación dos recursos pedagóxicos, a partir de diferentes criterios, como forma de promover a motivación nas nenas e nos nenos.

Favorecerase o achegamento á diversidade de recursos, coa finalidade de que as nenas e os nenos exploren e descubran os obxectos de interese e potencien a súa psicomotricidade. Ao respecto, convén subliñar que se considerará o emprego de materiais e recursos de diversos pesos, volumes, tamaños, texturas, cores e formas que permitan efectos distintos e interesantes, como botar e rebotar, amorear, encaixar, mover, levantar, lanzar, empurrar, combinar entre eles...

- Deberíase pensar en ofrecer diversidade de superficies, en diferentes escenarios, para os xogos e propostas de desprazamento que, sendo seguros, lles supoñan desafíos e novas experiencias ás nenas e aos nenos
- É importante que as nenas e os nenos sintan que as persoas adultas que lles son significativas confían nas súas capacidades para establecer novas relacións e é recomendable que, ademais de xerar as condicións axeitadas de interaccións –xogar en parellas, pequenos grupos, gran grupo, con iguais, con persoas adultas...–, se lles incentive verbal e xestualmente a facelo.
- Para promover o desenvolvemento da motricidade e da coordinación, as persoas docentes favorecerán diferentes tipos de movementos asociados a actividades lúdicas e recreativas. Nas experiencias e propostas que se lle fagan ao alumnado evitarase que estean enmarcadas en modelos de comportamentos estereotipados, asociados ao xénero masculino ou feminino, así como a técnicas empregadas por determinados deportes ou actividades físicas totalmente dirixidas.

- En relación coa identidade de xénero, que se vai formando inicialmente no contexto familiar, é moi importante non potenciar estereotipos “isto é de nenas”, “isto é de nenos”, senón máis ben ampliar o coñecemento dos roles e funcións que na sociedade actual desenvolven homes e mulleres. Todas e todos podemos facer calquera cousa dentro das nosas posibilidades persoais, se temos oportunidades para experimentalo e facelo.
- É importante ofrecerlles ás nenas e aos nenos situacións de aprendizaxe nas que poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións. Para iso, pódense empregar diversas estratexias e recursos: a través de preguntas, follas de planificación, cos seus propios debuxos, opinións e propostas nos tempos de faladoiro e mesmo a través da caixa de suxestións.
- Para potenciar no alumnado actos independentes e iniciativas, as persoas adultas deben dar confianza e brindar diversas oportunidades, permitíndolles que cometan erros, dándolles o tempo necesario e a posibilidade de que ensaien novas alternativas como parte do seu proceso de aprendizaxe persoal. Os xuízos e valoracións que se fagan serán construtivos e positivos, acompañándoos nas reflexións e fuxindo de actitudes descualificadoras.
- En relación con favorecer nas criaturas a identificación das experiencias e situacións que lles son gratas e aquelas que lles incomodan, porque lles dan medo ou inseguridade, é necesario fomentar que as expresen e comuniquen, para telas en conta en novas propostas, avaliar as causas e tomar as medidas que corresponda de acompañamento ou axuda.
- É de grande importancia para a autovaloración positiva que cada nena e cada neno poida comprobar a través das súas propias experiencias que son capaces, que poden, que teñen habilidades e competencias para realizar as actividades propostas, para expresalas, para sentir, para comunicar, para descubrir novas posibilidades...
- A educadora ou educador velarán por crear un ambiente educativo onde prime a valoración positiva nas interaccións, evitando as comparacións, a desvalorización, estigmatizar ou ridiculizar. É importante favorecer que as nenas e os nenos expresen libremente as súas opinións, os seus sentimentos e suxestións e que os adultos creen condicións para que sexan escoitados, aceptados e respectados nas súas diferenzas.
- As persoas adultas deben ter altas expectativas nas posibilidades das nenas e dos nenos en todos os planos e darlles sinais claros das súas potencialidades, animando e preocupándose de

que as criaturas poidan superar desafíos, perseverando e desenvolvendo a tolerancia e a frustración.

- Para favorecer que as nenas e os nenos descubran e respecten tanto as súas características e intereses persoais como as características e intereses das demais persoas, é necesario que expresen, en situacións variadas e a través de diferentes formas de comunicación e linguaxes, o coñecemento que van adquirindo das súas características físicas, gustos, temas que lles interesan e das persoas que lles son significativas. Para favorecer esta expresión, empregaranse xogos, mímicas, cantos e representacións o máis ricas posibles.

- Na educación infantil, moitas das actividades desenvolveranse en grupo e será a educadora ou o educador coas súas actitudes e habilidades quen as guiarán, ao mesmo tempo que terán a destreza para manter o equilibrio entre a atención individual e o grupo. Esta alternancia continuada entre o individual e do grupo permite adiantarse aos conflitos, avaliar o benestar e o grao de actividade, identificar as necesidades de axuda, sen deixar de prestar atención personalizada.

- Xerarase un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lles permita ás criaturas sentirse cómodas, seguras e acollidas. Seleccionaremos elementos do medio natural e sociocultural que favorezan a vinculación coa súa identidade e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que ten ao seu dispor.

- O coñecemento é un feito perceptivo, que ten como canles os datos táctiles, auditivos, visuais, cenestésicos, olfactivos, gustativos, etc. A través da actividade, do xogo, das experiencias e vivencias individuais e de grupo o alumnado vai descubriendo o propio corpo como vehículo de expresión, comunicación e relación, ata chegar a construír a propia imaxe corporal.

- Terase especialmente en conta que o xogo é unha das vías privilexiadas no acceso ao coñecemento. A través do xogo libre ou organizado, individual ou colectivo, explórase, descóbrese, experimentase, compréndese e consolídase a aprendizaxe: xogo coas outras persoas, xogos con obxectos, xogos simbólicos, xogos de exploración autónoma, xogos dramáticos, xogos colectivos en pequenos ou grandes grupos, xogos de regras...

- Conxuntamente co xogo, a expresión a través de múltiples linguaxes de accións libres ou guiadas, a participación en situacións cotiás e as interaccións entre iguais son unha fonte

privilexiada de actividade cargada de potencial educativo. As outras persoas serán compañeiras e compañeiros de actividade e de xogo, modelos a imitar, persoas a quen ensinar, apoios ou resistencias á propia acción e estímulo para a diversión e para o autocontrol.

- En relación coa prevención de riscos, é necesario xerar tempos habituais de conversas co alumnado para que individualmente ou conxuntamente falen e expoñan posibles situacións de risco ou inseguridade, anticipando algunhas accións para realizar neses casos e mesmo elaborar un documento coas regras e acordos de seguridade.
- Cando a un grupo de nenas e nenos se lles confiren responsabilidades de progresiva complexidade en relación con ámbitos referidos a si mesmos, ás demais persoas e ao medio ambiente, estamos abríndolles a posibilidade de que aprecien e valoren os seus logros e esforzos e os das outras persoas, avanzando no proceso de autonomía persoal.
- É igualmente importante ofrecerlles ás nenas e aos nenos situacións de aprendizaxe que incentiven e potencien a realización das súas propias propostas, a toma de decisións, así como a posibilidade de anticipar as súas accións, a organización das actividades, os materiais e recursos para empregar, facéndolles ver que todas e todos poden realizar accións por si mesmos e compartilas cos demais.
- Tendo en conta que o alumnado vai coñecendo e vivenciando algúns elementos da súa cultura familiar e comunitaria, é doado propiciar que coñezan que outras criaturas e persoas adultas teñen costumes, xogos e xeitos de facer diferentes que tamén son valiosos.
- As cativas e os cativos, mentres xogan, manipulan obxectos nun espazo e nun tempo, crean e transforman –formas, tamaños, espazos, volumes–, establecen relacións, deseñan situacións e invisten a acción coa súa emocionalidade e simbolismo, manifestan a través desta actividade lúdica as súas vivencias e experiencias e van afondando en novos niveis de relación e de interacción.
- É importante no desenvolvemento psicomotor posibilitar un medio rico en sensacións e percepcións, rico en contrastes e en retos cognitivos. Para as criaturas, é importante introducir paulatinamente na dinámica de xogo corporal novos elementos que acheguen complexidade perceptiva, riqueza manipulativa, vivencias variadas no espazo en relación coa orientación, o equilibrio e o movemento e tendo tamén en conta as achegas e a riqueza dos sons, da música e do ritmo.

- Terase en conta que calquera déficit sensitivo ou perceptivo pode levar a unha elaboración da imaxe corporal incompleta, mal estruturada ou mesmo limitada. Non esquezamos que a integración dos datos perceptivos permite a construción do esquema e da imaxe corporal. Para que se elaboren positivamente estes aspectos, propiciaranse as praxes axeitadas nas que influirán as persoas adultas, o contexto educativo creado, así como os materiais e os recursos empregados.
- O equilibrio permite unha mellor eficacia manipulativa e de control postural, xa que este é froito das informacións do propio corpo –propioceptivas– e do medio no que se realiza a acción -exteroceptivas–. Para contribuír á elaboración dunha boa equilibración tanto estática como dinámica, realizada individualmente ou na compañía doutras persoas, xerarase un contexto de seguridade na exploración do espazo e dos obxectos.
- O esquema corporal constrúese a partir das sensacións e percepcións do propio corpo en relación e interacción cos datos que recibe do medio, das demais persoas e dos obxectos. As experiencias que cada nena e neno ten das partes do seu corpo, dos seus límites, da súa mobilidade, son as que dun xeito progresivo vai adquirindo a partir das múltiples accións e impresións recibidas a través dos sentidos e do seu propio corpo. Este vai ser o referente para organizar e adquirir novos coñecementos e estruturar o espazo.
- É de grande importancia que as persoas docentes consideren os distintos significados que a actividade psicomotora pode ter para as nenas e os nenos. Isto contribuirá a guialos e a apoiálos no desenvolvemento dunha percepción axeitada dos seus recursos corporais e das súas posibilidades e limitacións. As mestras e mestres favorecerán e xerarán as condicións adecuadas para que as cativas e os cativos poidan expresarse con liberdade e progresar pouco a pouco nas súas habilidades psicomotoras, favorecendo diferentes tipos de movementos asociados a actividades lúdicas e recreativas en contextos libres ou organizados, seguros e, na medida do posible, en espazos amplos, abertos e da natureza.
- Potenciaremos no alumnado o desenvolvemento psicomotor, cara a un progresivo dominio e control corporal, dende a motricidade xeral ao afinamento muscular da motricidade fina, desenvolvendo a súa acción nun tempo e nun espazo.
- O desenvolvemento das relacións socioafectivas facilitarán o descubrimento da propia identidade e a súa inserción social, así como a adquisición de hábitos, actitudes e normas que

rexen e organizan a vida do grupo. Potenciarase no alumnado relacións interpersoais positivas – baseadas no respecto ás persoas, nas diversas comunidades ás que pertence, así como nas normas e valores da sociedade–, comportamentos solidarios e de cooperación cara a promover actitudes non discriminatorias relacionadas co sexo, a orixe racial, cultural, relixiosa, a capacidade persoal, etc.

- Terase en conta que o xeito no que as persoas adultas median nas dificultades e conflitos entre o alumnado é un referente que os orientará na adquisición progresiva de estratexias pacíficas e de diálogo á hora de enfrontarse con estas situacións. É importante conversar coas nenas e cos nenos sobre as situacións conflitivas que se expliciten e negocien cara a favorecer prácticas democráticas.

- Nesta etapa educativa, o alumnado avanzará na comprensión e aplicación das normas sociais que regulan o funcionamento dos xogos e actividades colectivas, así como na integración progresiva, a través da práctica cotiá, dos valores e normas básicas para unha convivencia democrática: a negociación dos acordos, o consenso para a elección e/ou organización dos xogos, a selección dos proxectos colectivos, as votacións democráticas...; búscase que as nenas e os nenos descubran na práctica a necesidade das normas e acordos.

- En relación coa organización do tempo, planificaranse períodos estables, diarios e semanais, o que posibilitará a secuenciación e a planificación das propostas educativas e a integración das secuencias temporais, tanto da escola coma da súa vida cotiá. Queda aberta a posibilidade de acoller e presentar variacións en relación cos intereses e coas necesidades do alumnado,

- É importante que as mestras e os mestres creen as condicións físico-ambientais que poñan o alumnado en situacións de coidado e preocupación pola súa saúde. Este aspecto pode abordarse a partir de múltiples actividades cotiás: hixiene persoal, coidado e limpeza dos espazos e dos materiais de uso cotián, nos momentos de alimentación e no desenvolvemento de exercicio e actividade.

- Cara a promover estilos de vida saudables, é importante que as nenas e os nenos relacionen hábitos, ambientes e alimentos cun crecemento san, nun contexto no que se aprecie e valore o coidado da natureza e das persoas –facendo visitas ao comercio, organizando talleres de cociña, creando un horto escolar...–. Favorecerase e potenciarase o consumo responsable de alimentos, así como darlles a coñecer as maneiras de optimizar o valor nutritivo dos alimentos que inxiren diariamente.



- A mestra ou mestre posicionarase como mediadora entre as criaturas e a cultura, atendendo á diversidade do alumnado e contemplando situacións que requirirán, ás veces, dirixir, suxerir e outras acompañar.
- É preciso unha observación do que vai ocorrendo para poder facer un seguimento e unha intervención diferenciada e coherente.
- A partir da observación do que saben, podemos intervir en cada caso de xeito máis próximo aos seus coñecementos –axudar a reflexionar sobre o modo de indagar o que di un texto, buscar pistas, buscar coherencia, etc.–.
- O máis axeitado será unha organización que favoreza interaccións a distinto nivel: en relación co grupo-clase, en relación cos grupos de traballo, interaccións individuais da propia criatura con textos, láminas, etc.
- Para ofrecer unha intervención que conecte co saber, co saber facer e co saber estar de cada criatura, é necesario partir dos esquemas de coñecemento do alumnado, en relación coa lectura e coa escritura, e do significado que lle atribúen.
- Débese evitar valorar máis os acertos que os erros e corrixilo todo. Cambiar a idea de evitar os erros pola de empregar os erros, e tamén os acertos, como fonte de información dos coñecementos das criaturas.
- Crear un clima de aceptación e respecto mutuo no que equivocarse sexa un paso máis no proceso de aprendizaxe, no que cada criatura se sinta retada e ao tempo con confianza para pedir axuda.
- A aceptación e a valoración das achegas de cada criatura, tanto por parte da persoa docente como por parte do resto de compañeiras e compañeiros, deben poder ser acollidas en calquera momento, favorecendo así a creación dun clima de estimulación e seguridade afectiva.
- Aceptar aquilo que as criaturas interpretan sobre o que di o texto e interesarnos máis por saber que fixeron para descubrir o que este di que corrixir o que está mal.
- Será conveniente que a mestra ou o mestre se sitúe a miúdo á expectativa, cunha actitude de espera con respecto ás respostas do alumnado e cunha actitude de escoita activa.
- Diseñar tarefas que permitan que o alumnado poida acceder a elas dende diversos puntos de partida e compartir tamén o obxectivo de cada tarefa.

- Planificar situacións que supoñan para o alumnado pequenos retos que actúen como estímulos para avanzar.
- Orientar o alumnado cara á busca de solucións, abrindo camiños para que, co tempo, cada nena e neno sexan autónomos.
- Compartir a maneira de aprender para lles axudar ás criaturas a confirmar as súas propias estratexias e a imaxinar e probar outras novas, facilitando a posta en común das diferentes estratexias que emprega cada persoa e sistematizalas.
- Crear situacións de comunicación adaptadas ás posibilidades de cada nivel evolutivo establecendo un clima de confianza e afecto, no que as criaturas experimenten o pracer e a necesidade de comunicarse.
- As mestras e os mestres ofrecerán un modelo de linguaxe rico e correcto, xa que a competencia lingüística da nena ou neno depende da calidade e riqueza da linguaxe que escoita ao seu arredor.
- A persoa docente exercerá como modelo de escritora e lectora competente, pero non como unha práctica pouco programada senón de maneira sistemática, durante toda a educación infantil e toda a educación primaria, escribindo notas informativas, recollendo propostas, escribindo textos colectivos, individuais..., lendo contos, cartas, textos científicos... e será modelo realizando tanto escrituras e lecturas en voz alta coma en silencio.
- Para enriquecer a comprensión e a produción lingüística mediante a linguaxe oral, é recomendable propiciar permanentemente actividades relacionadas coa lectura de libros, dramatizacións, recordos, narracións...
- A formulación de preguntas abertas por parte da mestra ou mestre acerca de determinados feitos ou situacións, á parte de estimular a linguaxe infantil, contribúe eficazmente a ensinalles ás criaturas a facerse interrogantes pertinentes e a buscar respostas axeitadas.
- Promoverase o diálogo e o intercambio de opinións sobre calquera tema que se estea investigando na aula.
- O conto e o relato nunca deben ser considerados como unha actividade de recheo, senón como unha acción didáctica chea de sentido. Os contos, relatos e lendas son fontes valiosas para que as criaturas fagan inferencias simples sobre características dos personaxes, os seus sentimentos e actitudes e da trama en si mesma.

- Recoméndase incentivar a produción oral –contos, chistes, anécdotas, receitas, etc.– e transcribirla en presenza das criaturas, exercendo así como modelo de persoa escritora.
- A lectura periódica de contos seleccionados, polo seu valor literario e interese das criaturas, é unha boa oportunidade para coñecer, escoitar con atención, comentar e promover o interese pola lectura.
- É fundamental expoñer as criaturas con moita frecuencia á audición de narracións e poemas coidadosamente escollidos, respondendo aos intereses das nenas e dos nenos e á calidade da linguaxe.
- Brindaráselles ás criaturas oportunidades para que creen os seus propios textos, con diferentes recursos –escritura non convencional ou si, debuxos, ditándolles a unha persoa escritora competente para que transcriba...– e con diferentes propósitos.
- Para favorecer que as criaturas fagan hipóteses e interpretacións sobre o contido de diferentes textos –receitas, noticias, etiquetas, contos...–, é importante que as claves de lectura tales como: formato, tipografía, relación título-contido, relación imaxe-texto... sirvan de referentes para interpretalo.
- Para fomentar a lectura nas criaturas, a mestra e o mestre poden implementar distintas estratexias: ler diariamente textos, organizar recantos de lectura, favorecer o funcionamento e o uso da biblioteca de aula e visitar con eles bibliotecas reais e virtuais.
- Organizaranse os contidos tendendo cara a un “enfoque globalizador”, entendéndose como a opción que determina que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacións globais –situacións comunicativas, conflitos ou cuestións sociais, problemas de calquera tipo...–, nas que se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas.
- É preciso que o uso que se faga do ler e do escribir, independentemente do grao de complexidade, sexa real e adquira significación.
- Para poder atender á diversidade do alumnado e á aprendizaxe de contidos de distinta natureza, organizaranse diversas formas de agrupamento contemplando as potencialidades de cada unha delas:
  - O gran grupo é apropiado cando se trata de planificar conxuntamente as actividades, exposicións, lectura dalgúns textos, distribución de tarefas, explicacións, presentación de modelos, debates, asemblea, conferencias, etc.

- O grupo pequeno é o ideal para favorecer a interacción cooperativa, permite asignarlle a cada un deles tarefas concretas e estruturadas, de tal xeito que a mestra ou mestre poida prestar as axudas axeitadas segundo o grao de realización da tarefa. Deben ser variables, homoxéneos e heteroxéneos. A organización en parellas acostuma a ser moito máis rendible, polo grao de implicación que comporta –elaborar listas, buscar información, escribir notas, etc.–.
  - A actividade individual é un bo recurso para a interacción máis específica coa persoa docente, ao tempo que promove as estratexias de planificación da acción, a responsabilidade, a autonomía e a autoxestión –elección dun libro para ler e argumentar a elección, poñer a data no encerado tendo que localizala nos calendarios da aula, ilustrar unha pasaxe dun texto considerando a relación imaxe-texto, etc.–.
- A distribución da aula establecendo diversos espazos posibilita que o alumnado desenvolva ao mesmo tempo tarefas diferentes.
  - Para dinamizar os tempos de falar e as conversas en grupo, preveremos un espazo onde o alumnado poida ver as expresións faciais e os xestos de todas as persoas mentres se dialoga.
  - Crearanse recantos da biblioteca, das mensaxes, das noticias, do ordenador, de letras, das audicións, de teatro, da arte, etc., como espazos confortables que inviten a desenvolver actividades neles e contando con material axeitado e ao seu alcance.
  - Para desenvolver actividades individualmente, dado que require máis concentración persoal, sería aconsellable ofrecer a posibilidade de que cada nena e neno escolla o lugar que prefira e no que se atopa máis a gusto.
  - Para favorecer o contacto permanente con libros, recoméndase crear espazos onde as criaturas poidan frecuentemente realizar actividades de lectura silenciosa.
  - É necesario pensar nun recanto tranquilo e atractivo onde situar o da biblioteca de aula con diferentes tipos de textos –contos, poemarios, enciclopedias, dicionarios, revistas, guías telefónicas, periódicos...–, para ler, mirar ou consultar. Para facilitar a escolla dos libros, colocaranse de tal xeito que sexa visible a súa portada.
  - Preverase o uso da biblioteca do centro polo alumnado de educación infantil.

- Considerarase o espazo de fóra da escola como privilexiado para a ensinanza e a aprendizaxe da lectura e escritura, xa que ofrece múltiples posibilidades de contacto co texto escrito –rótulos, carteis, valos publicitarios, tendas, escaparates, etc.–.
- Será necesario organizar o tempo baixo presupostos de flexibilidade, de xeito que lle permitan ao profesorado axeitalo ás características das tarefas.
- Os materiais curriculares axearanse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e consecuentemente ás características individuais do alumnado. Estes materiais permiten distintos graos de lectura ou uso, para iso serán o máis diversos posibles, ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento.
- Potenciarase ao máximo o uso de todo aquilo que o contorno nos ofrece para o achegamento á lingua escrita –cromos, folletos, carteis, periódicos, revistas...– e ao mínimo os materiais específicos para ler, escribir e debuxar.
- En relación coa linguaxe plástica, en especial coa pintura e co debuxo, é necesario que as criaturas comprendan que os efectos que elas xeran sobre as súas producións dependen das cores que empregan, do tipo de pintura, dos movementos que realizan, da presión que exercen, dos materiais e dos formatos que escollen.
- Para potenciar as capacidades de representación das criaturas, é necesario apoialas e motivalas a través de comentarios e suxestións que lles permitan tomar unha maior conciencia dos diferentes aspectos da súa realidade.
- Fronte ás creacións e expresións artísticas das criaturas, é importante que as persoas adultas aprecien todas estas manifestacións validándoas e valorándoas como orixinais, particulares e propias de cada persoa.
- Farase un rexistro sobre a evolución creativa de cada criatura, valorando tanto os procesos coma os produtos.
- Para favorecer a creación, suxírese organizar actividades nas cales as criaturas propoñan os seus proxectos persoais , optando polo que desexen expresar, de que xeito o van a facer e que materiais van empregar.
- Para fortalecer nas nenas e nos nenos a confianza sobre a súa capacidade creativa, é importante que teñan a oportunidade de perfeccionar diferentes técnicas e combinalas creando

outras, facendo uso de variados soportes que impliquen diferentes posicións corporais – cabaletes, sentados, deitados...–.

- As persoas adultas poden axudar a formar o sentido estético, dándolles oportunidades ás criaturas de tomar contacto con distintos estilos artísticos e apreciando a beleza e a diversidade das cousas.

- As diversas formas de expresión artística –plásticas, corporais e musicais– non serán tan só un medio para representar a realidade, senón tamén unha fonte inspiradora de significados. A posibilidade de asistir a exposicións de arte, escoitar distintos repertorios musicais, observar esculturas, danzas e vídeos son experiencias que enriquecen o coñecemento do seu contorno nas súas distintas dimensións.

- A intervención da persoa docente –guiando, animando, apoiando, abrindo novos camiños, suxerindo...– estimulará a creatividade da criatura e contrarrestará estereotipos e convencionalismos.

- En ningún caso, as actividades relacionadas coa linguaxe plástica, musical, dramática ou corporal poden considerarse un complemento a outras actividades ou un recheo entre tarefas, teñen valor educativo por si mesmas.

- Aínda que os aspectos de elaboración e de produción primarán na etapa da educación infantil, non hai que perder de vista a vertente máis contemplativa inherente á produción plástica, musical, dramática e corporal –visitar exposicións, asistir a concertos, a representacións culturais...–, nin o carácter de manifestación xenuína da cultura que posúe.

- A persoa adulta será prudente á hora de facer valoracións sobre as producións infantís para preservar a espontaneidade da creación fronte aos estereotipos e aos criterios preestablecidos de beleza ou perfección.

- Os materiais plásticos axudaranlle ao alumnado a ampliar os campos sensorio-perceptivos e expresivos. O contacto con materiais específicos –lapis de cor, pinturas de cera, barro, útiles de pintura e modelado...– e inespecíficos –follas, pedras, cunchas, cortizas, alimentos... proporcionaranlle moitas sensacións visuais, táctiles, olfactivas, auditivas e gustativas e abriranlle asemade o campo da creatividade na produción de “obras de arte”.

- Para apreciar os diferentes elementos do son e da música, é conveniente que as criaturas exploren distintos instrumentos musicais para coñecer as súas características.

- Nas actividades plásticas, musicais e corporais, é esencial que as criaturas gocen coa súa práctica.
- O xogo é un elemento educativo de primeira orde para desenvolver os contidos referidos a estas linguaxes, polo seu carácter motivador, polas posibilidades que lle ofrece á criatura para que explore distintas maneiras de expresión e por permitir a interacción entre iguais e coa persoa adulta.
- Co descubrimento da capacidade que ten o corpo para emitir sons e ritmos, temos ante nós un abano amplo de posibilidades rítmico-lúdicas que producirán gran ledicia en nenas e nenos e irán creando actitudes de gusto e gozo cara a este tipo de actividades.
- É conveniente dispor dunha selección musical axeitada cara á representación de actividades expresivas e cara á estimulación que se desexe conseguir –relaxación, descritiva, de movemento...–.
- Nas planificacións recolleranse momentos dedicados á observación, ao diálogo e á reflexión, á experimentación, á creación e á avaliación.
- É interesante, para constatar a evolución de cada criatura, na conceptualización do noso sistema de notación alfabética, gardar as producións realizadas por cada nena e neno, en diferentes datas dunha mesma actividade de escritura –título dun conto, mensaxe curta, etc.–.
- Non é suficiente con avaliar as aprendizaxes que desenvolve o alumnado, senón que é necesario, ademais, avaliar a nosa propia actuación como persoas educadoras e as actividades de ensinanza-aprendizaxe que planificamos e desenvolvemos coas nenas e nenos.
- Potenciarase que o alumnado reflexione sobre os seus progresos mostrándolle as súas producións dunha etapa anterior e realizando unha coavaliación. Isto resulta sempre satisfactorio e un motivo de fortalecemento da autoestima.

### **O PROXECTO LINGÜÍSTICO. TRATAMENTO LINGÜÍSTICO**

No momento da matrícula realizaráselle aos pais e nais dos nosos alumnos e alumnas unha enquisa sobre a lingua na que queren o material. Terase a lingua materna do alumnado para comunicarnos con el ou ela.

Elaborarse dende o equipo de dinamización da lingua galega actividades que fomenten o uso do Galego nesta etapa.

### **AGRUPACIÓN DO ALUMNADO**

Existen 9 aulas de infantil, 3 por cada nivel: de 3, 4 e 5 anos respectivamente.

### **AMBIENTE DE APRENDIZAXE**

Unha axeitada organización do ambiente, incluíndo espazos, recursos e distribución do tempo, será fundamental para a consecución das intencións educativas.

### **ESPAZOS**

Na distribución do espazo preverase que as nenas e os nenos dispoñan de lugares propios e de uso común para compartir, para estar sos e para xogar e para relacionarse cos demais; espazos para actividades que requiran unha certa concentración e espazos amplos que faciliten o movemento. A persoa docente preverá as distintas situacións xerando un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido.

### **MATERIAIS.**

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, consecuentemente, ás características individuais do alumnado. Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento.

-Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor.

### **TEMPOS**

Será necesario organizar o tempo baixo presupostos de flexibilidade, de xeito que permitan ao profesorado adecualo ás características das tarefas. No desenvolvemento da xornada escolar



combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas segundo as características e necesidades dos nenos e nenas.

### **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Atención á diversidade é coñecer, respectar, aceptar, valorar e responder ás diferenzas individuais e culturais dos alumnos e evitar calquera tipo de discriminación.

Educación en e para a diversidade, significa desenvolver actitudes e comportamentos cooperativos e plurais, propiciar pautas de aprendizaxe que dean xogo a todos os implicados nos procesos educativos, independentemente do seu sexo, raza, cultura, deficiencia,... será un principio e unha meta do ensino, pero tamén camiño e proceso

O profesorado de nivel considerará nas súas estratexias a importancia do grupo na integración dos alumnos con necesidades educativas especiais.

Un modelo de ensinanza inclusiva debe, necesariamente, prestar atención á diversidade do alumnado. Cada alumno/a é distinto dos demais: os seus coñecementos, ideas e crenzas previos son distintos; tamén as súas capacidades, os seus ritmos de desenvolvemento e de traballo e o seu estilo de aprendizaxe. En cada unha das unidades didácticas realizamos actividades de reforzo e de ampliación, en funcións das necesidades de cada alumno/a.

### **RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS**

Os materiais constitúen un instrumento importante para o desenvolvemento da tarefa educativa; son utilizados para levar a cabo a actividade, o xogo e a aprendizaxe.

Os recursos didácticos son importantes en todo proceso de ensino-aprendizaxe, máis aínda en Educación Infantil, onde os nenos e as nenas aprenden a través das distintas experiencias e necesitan, polo tanto, diversos materiais para desenvolver esas experiencias.

Podemos distinguir os conceptos de equipamento e de material didáctico. O equipamento podémolo entender como o conxunto de materiais, equipo e información necesarios para desenvolver a aprendizaxe.

A súa clasificación sería:

Materias primas: xiz, papeis, pinturas, etc.

Utensilios para medir, cortar, unir, mesturar, etc.

Fontes de información: carteis, xornais, contos, revistas....

Recipientes para almacenamento.

Instalacións para exposicións.

O material didáctico ou recursos didácticos son todas as ferramentas necesarias que utilizan tanto os alumnos como o profesor no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe. Para iso contamos con:

Materiais para o desenvolvemento do currículo.

Materiais que faciliten as actividades de ensino-aprendizaxe. Dentro deste grupo cabe destacar: materiais impresos, materiais audiovisuais e outros materiais informáticos. Coñecendo e estruturando estes materiais, temos que organizalos en zonas de actividade dentro da aula, que serían:

Materiais para o desenvolvemento do xogo simbólico.

Materiais para o coñecemento do medio.

Materiais para o desenvolvemento da linguaxe.

Materiais de desenvolvemento psicomotor.

Materiais de desenvolvemento da linguaxe musical.

Materiais de desenvolvemento da linguaxe matemática

Materiais de desenvolvemento de actividades artísticas e plásticas.

O período de adaptación para o alumnado de 3 anos

O período de adaptación realizarase no mes de setembro tal e como establece a lexislación actual e non poderá exceder máis alá do mes de setembro. Neste período, que se establecerá ao

inicio de cada curso, os pais e nais dos nenos e nenas traerán os seus fillos e fillas nos grupos e nos períodos de sesións que serán establecidos polo titor ou titora do grupo.

#### Saídas didácticas e visitas educativas

Realizaranse saídas polo contorno próximo (arredores do centro, Castrigo, Casa de Cultura de Bertamiráns, etc.) e outras a lugares máis alonxados fóra do Concello. Sendo as saídas e visitas educativas un aspecto realmente importante para complementar o currículo e para a formación do alumnado, teñen que ser tratadas de xeito especial, polo tanto, programaranse e prepararanse coidadosamente.

As saídas programaranse por nivel ou ciclo. O alumnado será acompañado polas persoas titoras ou mestras que programen a saída. Ningunha saída se programará cunha soa persoa acompañante, polo tanto, procurarase que calquera grupo vaia acompañado por dúas ou máis persoas.

Será requisito imprescindible para que o alumnado participe en calquera saída, que o pai, a nai ou a persoa titora asine a preceptiva autorización. Esta autorización será única e común para todas as saídas e visitas que se inclúan na programación anual. Cando unha saída non estea incluída na programación anual, será preceptiva unha autorización específica para ela.

Cando algunha alumna ou algún alumno opte por non participar na saída, terá dereito a acudir ao colexio. Permanecerá no centro, sendo atendido polo mestre ou mestra con hora non lectiva, ou incorporarse a unha aula próxima ao seu nivel. A persoa titora comunicará esta circunstancia á xefatura de estudos coa debida antelación para organizar a atención a este alumnado.

### **A EDUCACIÓN EN VALORES**

Educación ambiental: os alumnos teñen que comprender as relacións co medio no que estamos inmersos e coñecer os problemas ambientais e as solucións individuais e colectivas que poden axudar a mellorar o noso entorno.

Recoñecer a importancia de reciclar materiais como modo de contribuír ao mantemento do medio ambiente.

Mostrar respecto por todas as especies animais e vexetais, especialmente por aquelas que están en perigo de extinción.

Ofrecer coidados e respectar aos animais e vexetais, fomentando a concienciación de que forman parte do patrimonio.

Educación nos Dereitos Humanos e para a Paz: no centro convivimos moitas persoas con intereses non sempre similares polo que é un lugar idóneo para aprender actitudes básicas de convivencia: solidariedade, tolerancia, respecto á diversidade e capacidade de diálogo e de participación social. A Paz non debe entenderse só como ausencia de guerra, senón tamén como as relacións harmónicas entre grupos e persoas.

- Coñecer, comprender e aplicar as normas que rexen o intercambio comunicativo sabendo respectar e aceptar as achegas dos demais.
- Valorar e recoñecer os esforzos individuais e colectivos para evitar mensaxes discriminatorias.
- Recoñecer e valorar a propia agresividade, entendida como decisión, audacia, como unha forma positiva de autoafirmación da personalidade e canalizala cara a condutas que favorezan o ben común.
- Desenvolver relacións de diálogo, de paz e harmonía no ámbito escolar e en todas as relacións cotiás.
- Estimar e valorar a lingua oral e escrita como medio de establecer e mellorar a comunicación cos demais.
- Apreciar e valorar a diversidade cultural como mostra de apertura cara a outras culturas diferentes á propia.
- Respectar os distintos modelos de familia e valoralos todos de igual xeito.
- Recoñecer a importancia de compartir coas persoas máis necesitadas.

Educación do consumidor, para o consumo: o consumo está presente na nosa sociedade e é necesario:

- Reflexionar sobre o exceso de agasallos que os nenos adoitan recibir en Nadal ou en outras ocasións.
- Axudar a que os nenos descubran e dean prioridade ao “ser” sobre o “ter” como medio de felicidade persoal.

Tomar conciencia das necesidades básicas para a vida distinguindo o necesario do superfluo. • Aprender a disfrutar e coidar os bens que posúen ou consumen por sinxelos e cotiás que parezan, recoñecendo a súa utilidade.

Educación viaria: O coñecemento e a utilización da vía pública é, especialmente no contorno no que se ubica o centro, dunha gran importancia polo que a súa educación ten que comezar na escola.

Coñecer o contorno e as normas básicas de circulación desde a perspectiva do peón e como viaxeiro

Reflexionar sobre a propia conduta como peón, viaxeiro e condutor (bicicleta, monopatín...).

Dar a coñecer as normas de circulación en calquera circunstancia como medio para previr accidentes.

Aprender a usar, disfrutar e coidar os equipamentos urbanos, zonas verdes e instalacións do centro.

Tomar consciencia dos problemas viales e das situacións de risco ou de perigo que poidan presentarse.

Descubrir e valorar as alternativas de ocio que nos ofrece o medio urbano e optar por aquelas que nos poidan proporcionar un maior disfrute persoal.

Educación para a igualdade de oportunidades entre sexos ou coeducación: a Constitución Española comeza co dereito á igualdade sen distinción de sexos, razas o crenzas. Sen embargo, unha parte da sociedade segue sendo machista, racista e intolerante, polo que se fai

imprescindible transmitir ao alumnado este dereito da humanidade. As discriminacións derivadas da pertenza a un determinado sexo e de tal envergadura social que xustifica plenamente a súa entidade como tema propio. As mulleres deixaran de estar marxinadas na medida en que todas as persoas sexan educadas para iso.

Alcanzar o compromiso de evitar en calquera situación comunicativa formas, termos e expresións que denoten discriminación.

Valorar a importancia de colaborar nas tarefas domésticas sen distinción de xénero.

Valorar a igualdade de capacidades entre os sexos no ámbito escolar, social ou profesional.

Educación para a saúde e calidade de vida: na escola hai que crear dende a infancia uns hábitos de hixiene física, mental e social que desenvolvan a autoestima e melloren a calidade de vida.

- Coñecer e comprender a necesidade dos bos hábitos e condutas relacionadas co coidado da saúde.
- Valorar a importancia de seguir unha dieta equilibrada.
- Mostrar interese por ter hábitos de hixiene correctos.

Educación na sexualidade: trátase, non só de coñecer os aspectos biolóxicos da sexualidade, se non informar, orientar e educar nos aspectos afectivos, emocionais e sociais, entendéndoa como unha actividade plena de comunicación entre as persoas.

- Recoñecer a importancia de demostrar os propios sentimentos e o afecto cara aos demais.
- Familiarizarse co seu propio corpo e aceptalo tal como é.
- Respectar ós demais.

Educación cívica e moral

- Utilizar a lingua oral como instrumento para relacionarse cos demais e chegar a acordos.
- Respectar as regras propias do intercambio comunicativo, así como a quenda de palabra dos seus compañeiros.

- Axudar e colaborar cos compañeiros e compañeiras, especialmente cos que máis o necesitan. • Valorar o traballo en equipo.

- Respectar ás persoas de calquera raza ou nacionalidade.

- Tolerancia cara a outras formas de vida como por exemplo, as formas de vestir doutros países.

Educación para as tecnoloxías da información e comunicación

- Facer un uso axeitado das mesmas.

### **DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS:**

O Decreto 330/2009 polo que se establece o currículo oficial de educación infantil para a nosa Comunidade Autónoma, inclúe referencia explícita ao tratamento e desenvolvemento das competencias básicas e subliña que é preciso que o seu desenvolvemento se comece desde o inicio da escolarización, de forma que a súa adquisición se realice de forma progresiva e coherente.

As competencias van constituír un referente de capacidade nos alumnos para saber facer, para obrar; serán concretadas nas distintas áreas e configurararán un dos eixos esenciais para guiar o proceso de ensino-aprendizaxe e o proceso avaliador. Nas nosas programacións, van supoñer un referente esencial, pois ademais de velar pola aplicación de orientacións educativas novidasas e actualizadas, van ser garantía de coherencia e continuidade na acción educadora dos equipos de Infantil e Primaria

### **AVALIACIÓN DO ALUMNADO NA EDUCACIÓN INFANTIL**

A avaliación na educación infantil constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe, tanto no ámbito individual coma no colectivo.

A avaliación, que formará parte inseparable do proceso educativo, será global, continua e formativa.

Será global en canto deberá referirse ao conxunto das capacidades expresadas nos obxectivos da etapa, adecuados ao contexto sociocultural do centro e ás características propias do alumnado

Terá un carácter continuo, pois considerárase un elemento inseparable do proceso educativo, mediante o cal os profesionais que atenden as nenas e os nenos recollen de forma continua información sobre o proceso de ensino e aprendizaxe.

A avaliación terá, en consecuencia, un carácter formativo, regulador e orientador do proceso educativo, ao proporcionar unha información constante que permitirá mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa.

Servirá para detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado, así como as aprendizaxes. Para estes efectos, os criterios de avaliación utilizaranse como referente para a identificación das posibilidades e dificultades de cada alumna e cada alumno e para observar o seu proceso de desenvolvemento e as aprendizaxes adquiridas.

A información recollida da avaliación continua trasladarase ás familias, como mínimo, nun informe escrito trimestral e de forma persoal tantas veces se estime oportuno para lograr establecer unha coordinación adecuada no desenvolvemento do proceso educativo das súas fillas e fillos. Os centros educativos establecerán o contido e formato do documento de información ás familias nos cales se comunicarán os datos sobre os progresos e dificultades detectados na consecución dos obxectivos establecidos no currículo, sobre o proceso de integración socioeducativa, sobre o grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas e, de ser o caso, sobre as medidas de apoio e reforzo educativo adoptadas ou propostas.

### **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

A técnica de avaliación máis apropiada é a observación directa e sistemática. Mediante ela poderemos constatar os coñecementos que van construíndo o neno e a nena a partir dos que xa posuían, se é adecuada a actuación didáctica, a organización do espazo, a distribución do tempo, os agrupamentos, formas de relación entre os nenos e as nenas e destes cos adultos, as estratexias e os materiais utilizados.

Desta forma, daremos en cada momento a axuda necesaria e poderemos modificar a nosa propia actuación didáctica.



Ademais, pódese recorrer a outros moitos procedementos de avaliación:

Diario do docente.

Informe diario.

Escalas de observación.

Entrevistas coas familias.

Observacións externas.

Técnicas audiovisuais.

Observacións de grupo, xogos.

Rexistros de incidencias...

Rexistro da avaliación

O feito de que na Educación Infantil a avaliación teña que ser continua non exclúe a existencia dunha avaliación inicial e dunha avaliación final.

A primeira é necesaria ao comezo de calquera secuencia de aprendizaxe, xa que permitirá avaliar os coñecementos previos dos alumnos e das alumnas para construír, sobre eles, aprendizaxes significativas.

Ao comezo da escolarización, o centro iniciará o historial educativo de cada neno e nena que constará dos seguintes documentos: o cuestionario de inicio da escolaridade debidamente cuberto. Ademais, faremos:

Un rexistro de avaliación inicial. Realízase ao inicio do nivel a partir da observación dos nenos e das nenas durante os primeiros días, dunha entrevista cos pais e da información proporcionada polo centro anterior, no caso de estar escolarizados. Esta avaliación incluírá, no caso de que sexa necesario, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que revistan importancia para o proceso educativo do neno ou da nena.

Para a avaliación continua:

Un rexistro de avaliación ao final de cada unidade, proxecto...

Tres rexistros de avaliación trimestral

A avaliación final é necesaria como culminación de calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O profesor ou profesora irá analizando as diferentes situacións educativas para poder axustar a súa intervención. Con ela valoraremos o grao de consecución respecto dos obxectivos e competencias básicas marcados obtidos por cada alumno e cada alumna.

Tamén faremos avaliación da nosa propia práctica educativa.

### **PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

A promoción supón o conxunto de decisións adoptadas a partir do proceso de avaliación que permite a un alumno ou alumna o paso dun nivel a outro ou, no seu caso, á etapa seguinte.

As esixencias para promocionar están pensadas para que o alumno ou alumna avance co seu ritmo e tempo de aprendizaxe.

A promoción do alumnado, ou a súa permanencia nun determinado ciclo, nivel ou etapa está supeditada á valoración do tipo e grao de aprendizaxes adquiridas, fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias.

Consecuentemente co disposto nos Decretos que establecen os currículos das distintas etapas educativas impartidas neste centro educativo, o equipo docente de cada grupo de alumnado estará constituído polo conxunto de mestres e/ou mestras que impartan docencia nun mesmo grupo, coordinado polo titor/a e polos profesionais que participasen de forma directa no proceso educativo do alumno/a. En consecuencia, os equipos docentes terán as seguintes responsabilidades, en relación co desenvolvemento do currículo e o proceso educativo do seu alumnado:

1. Realizar o seguimento e avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado.
2. Adoptar as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado, tomándose especialmente en consideración a información e o criterio do titor/a.

## Promoción na Educación infantil

A avaliación terá como fin a identificación das aprendizaxes consolidadas polo alumnado, así como a valoración do desenvolvemento alcanzado. Ten, polo tanto, un carácter netamente formativo. Nesta formulación, os criterios de avaliación concíbense como unha referencia para orientar a acción educativa.

A avaliación nesta etapa, concibida como un instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo, realizarase de forma continua e considerárase un elemento máis da actividade educativa coa finalidade de obter información sobre o desenvolvemento das nenas e dos

nenos, mellorar e reaxustar a intervención das persoas responsables deste proceso e tomar decisións tanto individuais coma colectivas.

Os criterios de avaliación de cada unha das áreas serán os referentes para coñecer, por unha parte, en que medida o alumnado desenvolveu as capacidades enunciadas tanto nos obxectivos da etapa como nos de cada unha das áreas e, por outra, para identificar as aprendizaxes adquiridas e valorar o grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas.

Porén, poderá permanecer no segundo ciclo de educación infantil o alumnado con necesidades educativas especiais ao cal se lle autorizase a permanencia dun ano máis no citado ciclo.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal nos termos que determine a Administración educativa, con carácter excepcional poderá flexibilizarse de modo que poida anticiparse un curso o inicio da escolarización na etapa da educación primaria, cando se prevea que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e da súa socialización.

Ao remate de cada curso, a titora ou o titor elaborará o informe anual de avaliación individualizado, no cal se reflectirán os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua. O dito informe recollerá o grao de consecución dos obxectivos establecidos, así como as medidas de reforzo e adaptación que, se é o caso, fosen empregadas.

Á finalización do ciclo, co fin de garantir unha atención individualizada e continuada, recollerase nun informe o progreso global de cada nena e cada neno. Nesta valoración considerárase o

avance na consecución dos obxectivos correspondentes do ciclo e no grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas. Así mesmo, faranse constar os aspectos máis salientables do seu progreso educativo e , se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación que se adoptasen. O informe final anual correspondente ao último curso do ciclo pode ser substituído por este informe final de ciclo, a criterio do equipo docente.

***Por tanto, nesta etapa non hai uns criterios de promoción como tales pero SI uns MÍNIMOS que se traballan ao longo de todo o ciclo de infantil.***

## EDUCACIÓN PRIMARIA:

A organización dos contidos foise modificando paralelamente cos cambios que se foron operando no sistema educativo, polas esixencias do modelo de sociedade que o promove.

Entre estes contidos, hai algúns aos que a sociedade é especialmente sensible e que se recollen na normativa vixente.

## **FINS**

A finalidade da Educación primaria é proporcionar a todos os nenos unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir as habilidades culturais

básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura e ao cálculo, así como desenvolver habilidades sociais, hábitos de traballo e estudo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade.

→ Principios Xerais: A Etapa educativa que comprende seis cursos académicos, que se cursarán ordinariamente entre os seis e os doce anos de idade. Procurarase a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarse aos seus ritmos de traballo

→ Principios pedagóxicos. Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores traballarase en todas as áreas. Co fin de fomentar o hábito da lectura dedicarase un tempo diario á mesma (ver proxecto lector) → Obxectivos da etapa de educación primaria Contribuirán a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- Coñecer e apreciar os valores básicos que rexen as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Establecer relacións equilibradas e construtivas, evitando condutas agresivas e violentas.
- Valorar criticamente as diferenzas de tipo social, rexeitando calquera discriminación por razóns de sexo, raza, ideoloxía ou doutras características individuais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- Colaborar nas actividades de grupo, participando dun xeito democrático e contribuindo a crear un clima de respecto, solidariedade e tolerancia.

- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar, escolar,... así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá e a lingua galega, oral e escrita, nos distintos contextos e desenvolver hábitos e gusto pola lectura fomentando o uso da biblioteca do Centro e de aula.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás e contribuír ao respecto e coñecemento doutras culturas.
- Aplicar a linguaxe verbal, matemática, artística e musical ás distintas situacións nas que poidan atoparse nestas idades, aproveitando as saídas culturais aos distintos museos e institucións culturais, que lles ofrece o seu barrio e cidade (Auditorio, Centro Sociocultural...).
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e o seu coidado. Así mesmo valorar o contorno natural, social e cultural de Galicia e de España.
- Valorar as repercusións de certos hábitos que poden resultar danos e prexudiciais para a saúde e a calidade de vida.

- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social, valorando o exercicio físico como fonte de saúde e harmonizar a súa práctica co coñecemento e respecto do seu contorno e coa adquisición de hábitos saudables e hixiénicos.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico, participando en programas axeitados.

## **AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO EN EDUCACIÓN PRIMARIA**

### **AVALIACIÓN DO ALUMNADO NA EDUCACIÓN PRIMARIA**

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua, global, formativa e integradora de todas as áreas e teranse en conta todos os elementos que compoñen o currículo. Tan pronto como se detecten dificultades na aprendizaxe se adoptarán medidas de reforzo educativo para que o alumnado poda continuar o proceso educativo do mellor xeito posible.

### **AVALIACIÓNS DE TERCEIRO CURSO E FINAL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todos os alumnos e as alumnas ao rematar o terceiro curso de educación primaria, segundo dispoña a Consellería con competencias en materia de educación, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, as capacidades e as habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución

de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.

De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

Ao rematar o sexto curso de educación primaria realizarase unha avaliación final individualizada a todos os alumnos e todas as alumnas, na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa. Para a avaliación utilizaranse como referentes os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis.

O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que será entregado aos pais, ás nais ou ás persoas que exerzan a tutoría legal e que terá carácter informativo e orientador para os centros docentes nos que os alumnos e as alumnas cursasen o sexto curso de educación primaria e para aqueles nos que cursen o seguinte curso escolar, así como para os equipos docentes, os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal e os alumnos e as alumnas. O nivel obtido será indicativo dunha progresión e aprendizaxe adecuadas, ou da conveniencia da aplicación de programas dirixidos ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou doutras medidas.

Co fin de facilitar a transición desde a educación primaria á educación secundaria obrigatoria, os centros docentes prestaranlle unha especial atención á coordinación entre ambas as dúas etapas, para salvar as diferenzas pedagóxicas e organizativas e os desaxustes que se poidan producir no progreso académico do alumnado, para o que se terá en conta, entre outros mecanismos, o informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa.

A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer plans específicos de mellora naqueles centros docentes públicos cuxos resultados sexan inferiores aos valores que, para tal obxecto, determine. En relación cos centros docentes concertados atenderase á normativa reguladora do concertó correspondente.



## **PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

A promoción supón o conxunto de decisións adoptadas a partir do proceso de avaliación que permite a un alumno ou alumna o paso dun nivel a outro ou, no seu caso, á etapa seguinte.

As esixencias para promocionar están pensadas para que o alumno ou alumna avance co seu ritmo e tempo de aprendizaxe.

A promoción do alumnado, ou a súa permanencia nun determinado ciclo, nivel ou etapa está supeditada á valoración do tipo e grao de aprendizaxes adquiridas, fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias.

Consecuentemente co disposto nos Decretos que establecen os currículos das distintas etapas educativas impartidas neste centro educativo, o equipo docente de cada grupo de alumnado estará constituído polo conxunto de mestres e/ou mestras que impartan docencia nun mesmo grupo, coordinado polo titor/a e polos profesionais que participasen de forma directa no proceso educativo do alumno/a. En consecuencia, os equipos docentes terán as seguintes responsabilidades, en relación co desenvolvemento do currículo e o proceso educativo do seu alumnado:

1. Realizar o seguimento e avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado.
2. Adoptar as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado, tomándose especialmente en consideración a información e o criterio do titor/a.

### Promoción na Educación infantil

A avaliación terá como fin a identificación das aprendizaxes consolidadas polo alumnado, así como a valoración do desenvolvemento alcanzado. Ten, polo tanto, un carácter netamente formativo. Nesta formulación, os criterios de avaliación concíbense como unha referencia para orientar a acción educativa.

A avaliación nesta etapa, concibida como un instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo, realizarase de forma continua e considerarase un elemento máis da actividade educativa coa finalidade de obter información sobre o desenvolvemento das nenas e dos

nenos, mellorar e reaxustar a intervención das persoas responsables deste proceso e tomar decisións tanto individuais coma colectivas.

Os criterios de avaliación de cada unha das áreas serán os referentes para coñecer, por unha parte, en que medida o alumnado desenvolveu as capacidades enunciadas tanto nos obxectivos da etapa como nos de cada unha das áreas e, por outra, para identificar as aprendizaxes adquiridas e valorar o grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas.

Porén, poderá permanecer no segundo ciclo de educación infantil o alumnado con necesidades educativas especiais ao cal se lle autorizase a permanencia dun ano máis no citado ciclo.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal nos termos que determine a Administración educativa, con carácter excepcional poderá flexibilizarse de modo que poida anticiparse un curso o inicio da escolarización na etapa da educación primaria, cando se prevea que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e da súa socialización.

Ao remate de cada curso, a titora ou o titor elaborará o informe anual de avaliación individualizado, no cal se reflectirán os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua. O dito informe recollerá o grao de consecución dos obxectivos establecidos, así como as medidas de reforzo e adaptación que, se é o caso, fosen empregadas.

Á finalización do ciclo, co fin de garantir unha atención individualizada e continuada, recollerase nun informe o progreso global de cada nena e cada neno. Nesta valoración considerarase o avance na consecución dos obxectivos correspondentes do ciclo e no grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas. Así mesmo, faranse constar os aspectos máis salientables do seu progreso educativo e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación que se adoptasen. O informe final anual correspondente ao último curso do ciclo pode ser substituído por este informe final de ciclo, a criterio do equipo docente.

***Por tanto, nesta etapa non hai uns criterios de promoción como tales pero SI uns MÍNIMOS que se traballan ao longo de todo o ciclo de infantil.***

Promoción na Educación primaria

## **PROCEDIMENTO XERAL**

*Segundo consta no Art. 13 do DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

**1. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.**

**A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.**

**2. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.**

**Atenderase especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e final de educación primaria.**

O claustro de profesores do CEIP A Maía, de acordo coa lexislación vixente, establece os seguintes criterios de promoción en educación primaria para orientar aos/as titores/as sobre o procedemento para seguir na toma de decisións sobre a promoción do alumnado:

## **CRITERIOS PEDAGÓXICOS E DE MADUREZ**

Promocionará ao ciclo ou etapa seguinte o alumno que se considere que alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas así como a adquisición de capacidades necesarias para a consecución dos obxectivos programados nas distintas áreas, independentemente de que o rendemento non sexa do todo satisfactorio e aínda no caso de que fose avaliado negativamente nalgunha área ou materia.

Terá carácter determinante para a decisión de non promoción unha falta de madurez de tal grao que lle impedira ao/á alumno/a a adquisición das capacidades necesarias e dos obxectivos programados.

Poderase decidir a non promoción dun alumno/a se por circunstancias especiais (inmigración, escolarización irregular...) se considere que é necesaria a permanencia dun ano máis, acompañada de actividades de reforzo ou de adaptacións curriculares.

Ademais, teranse en conta os seguintes aspectos:

Se o alumno/a puidese avanzar, sen necesidade de repetir, aplicándolle un programa de atención individualizado coas súas correspondentes adaptacións curriculares.

O nivel de integración do alumno/a no grupo ao que está adscrito e as características do grupo ao que se adscribiría no caso de que o alumno/a non promocionase, por exemplo o número de alumnos, a conflitividade do grupo, o seu nivel de cohesión...

O nivel de madurez do alumno/a, o seu grao de autonomía e responsabilidade e a súa capacidade de aprendizaxe, as características físicas...

O asesoramento do Equipo de Orientación.

A opinión da familia, que será informada e escoitada antes de tomar a decisión.

### **CRITERIO NUMÉRICO**

Se o alumno/a foi avaliado/a negativamente en tres áreas ou máis, sendo dúas delas Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e/ou Matemáticas, **non promociona** ao nivel ou etapa seguinte **salvo que** o mestre/a titor/a, oído o equipo de profesorado, considere o contrario tras valorar o esforzo, a madurez e a importancia da súa integración no grupo de referencia.

### **ASPECTOS A TER EN CONTA.**

Debido ao carácter global da avaliación nesta etapa educativa, os(as) profesores(as) **utilizarán como prioritarios o criterios pedagóxicos e de madurez e, como orientativo e secundario, o criterio numérico**

Pódese repetir só unha vez en toda a etapa. Atenderase tamén ao establecido no DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, no seu Artigo 17. Escolarización nos centros ordinarios: A escolarización en educación primaria poderá, excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función, respectivamente, das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado. En ningún caso se poderá permanecer en educación primaria máis alá do ano natural en que se cumpran os quince de idade nin comezar a educación secundaria obrigatoria antes do ano natural en que se cumpran os dez anos.

**Cada alumno/a é un caso particular, de forma que na aplicación de criterios de promoción valoraranse obxectivamente as características, posibilidades e intereses dos alumnos en relación co que se considera a mellor opción para que o/a interesado/a alcance as finalidades da etapa.**

A avaliación será continua, global e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

No caso de que o alumno **promocione con avaliación negativa** nalgunha das áreas, **deberá establecerse un plan de actuación** dirixido á mesma.

Cando algunha das áreas non aprobadas se supere en cursos posteriores, considerásense recuperadas para todos os efectos.

Terase en conta o dominio dunhas destrezas básicas conseguido no curso e para iso propóñense estes mínimos imprescindibles ao final de cada un deles.

As actas de avaliación estenderanse ao finalizar cada un dos cursos da etapa e pecharanse ao termo do período lectivo.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez.

Aqueles alumnos que ao terminar 6º curso, obtivesen unha cualificación de Sobresaliente (SB) nalgunha área e demostrasen un rendemento académico excelente, poderáselles propoñer o

outorgamento dunha Mención Honorífica , cuxo outorgamento corresponderá á consellería con competencias en materia de educación.

### CRITERIOS DE PROMOCIÓN: CADRO RESUMO DE POSIBILIDADES

Curso	Situación	Decisión	Outras actuacións
1º-6º	Todo aprobado	Promociona	
1º-6º	Ten suspensos pero xa repetiu	Promociona	Elaborar unha ACI onde proceda.
1º -6º	Se non acada os obxectivos en dúas áreas	Promociona	Plan de recuperación
1º -6º	Se non acada os obxectivos en tres áreas ou máis, sendo dúas delas Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e/ou Matemáticas	Non promociona, <b>salvo que o/a titor/a oído o equipo de profesorado, considere o contrario tras valorar o esforzo, a madurez e a importancia da súa integración no grupo de referencia.</b>	Plan de recuperación, se promociona.

**1. En toda a etapa só se pode repetir unha vez. Se xa o fixo non se aplica ningún outro criterio: promociona ao curso seguinte. A lei non precisa o curso máis adecuado para a**

repetición.

2. Se pasa con materias suspensas ha de elaborarse un plan de recuperación.
3. Se aproba a área suspensa no curso seguinte, considérase recuperada a anterior

## **VALORES.**

Concretar a maneira de que o profesorado do centro introduza nas concrecións curriculares das áreas, materias ou módulos que imparte actividades relacionadas coa *tolerancia*, *a solidariedade*, *o respecto aos dereitos humanos*, *o rechazo a calquera tipo de violencia*, *ao fomento de hábitos e actitudes cooperativas propias do traballo en grupo*, *á responsabilidade persoal...*

Traballar para que todo o profesorado introduza nas concrecións curriculares das áreas, materias ou módulos que imparte actividades relacionadas cos *hábitos de saúde*, *hixiene persoal*, *limpeza na presentación dos traballos*, *respecto ás normas de convivencia e de comunicación oral* ( *saber escoitar*, *respectar as quendas de palabra*, *etec.*)

Concretar a maneira de que todo o profesorado do centro introduza nas concrecións curriculares das áreas, materias ou módulos que imparte actividades relacionadas co *interculturalidade para que todos os rapaces e rapazas teñan a sensación de que a súa cultura é valorada e está presente no centro.*

Buscar que o profesorado do centro introduza nas concrecións curriculares das áreas, materias ou módulos que imparta actividades relacionadas co *rigor crítico*, *pola curiosidade científica*, *pola precisión*, *pola obxectividade*, *polo interese por estar ben informado*, *por valorar e conservar o patrimonio artístico*, *etc.*

## **COMPETENCIAS BÁSICAS:**

### **Competencia en comunicación lingüística.**

Tender a que o alumno de Educación Primaria utilice axeitadamente a lingua galega, a castelá e desenvolva hábitos de lectura e de respecto á diversidade lingüística.

Procurar que os rapaces adquiran unha competencia básica nunha competencia básica nunha lingua estranxeira que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

### **Competencia matemática.**

Potenciar as competencias matemáticas básicas e a iniciación na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos a situación da súa vida cotiá.

Traballar competencia matemática nas seguintes áreas: Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, Matemáticas e Coñecemento do medio natural, social e cultural.

### **Competencia no coñecemento e na interacción co medio físico.**

Buscar o coñecemento e a valoración do contorno natural social e cultural, as interaccións entre eles, así como as súas posibilidades de defensa, mellora e conservación.

Intentar que o alumnado de E. Primaria coñeza e valore os animais máis próximos ao ser humano e que interiorice maneiras de comportamento que favorezan o seu coidado.

Traballar esta competencia nas áreas de Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, Lingua estranxeira, Matemáticas e coñecemento do medio natural, social e cultural.

### **Tratamento da información e competencia dixital.**

Buscar propostas para que os rapaces e rapazas se inicien na utilización, para os aprendizaxes, das tecnoloxías de información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.



Buscar que os alumnos e alumnas utilicen estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, transformar e comunicar información.

Traballar esta competencia nas seguintes áreas: Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, Lingua estrnxeira, Matemáticas, coñecemento do medio natural, social e cultural, Educación artística, Educación física e Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.

### **Competencia social e cidadá.**

Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a actuar de acordo don elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectp aos dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e na relación co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia aos prexuixos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

Coñecer, comprender as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e de oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por ningunha causa.

Coñecer, valora e desfrutar de seu contorno natural, social e cultural, as intraccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e consevación dese contorno.

Buscar que os alumnos e alumnas adquiran habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e domésticos, así como nos grupos sociais cos que se relacionan os rapaces e repazas.

Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e prevención dos accidentes de tráfico.

Traballar esta competencia nas áres de: Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura. Lingua estranxeira, Coñecemento do medio natural, social e cultural, Educación artística, Educación física e Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.

### **Competencia cultural e artística.**

Potenciar a utilización de diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolver a sensibilidade artística e a capacidade de desfrute das súas direntes manifestacións e iniciarse na construción de propostas persoais.

Traballar esta competencia nas áreas de : Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, Lingua estranxeira, Matemáticas, Coñecemento do medio natural, social e cultural, Educación artística, Educación física e Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.

### **Competencia para aprender a aprender.**

Buscar desenvolver nos rapaces e rapazas hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en sí mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade nas aprendizaxes.

Potenciar a utilización de estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.

Traballar esta competencia nas seguintes áreas: Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, Lingua estranxeira, Matemáticas, Coñecemento do medio natural, social e cultural, Educación artística, Educación física, Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.

### **Autonomía e iniciativa persoal.**

Traballar no sentido de que o alumnado valore a hixiene e a saúde, acepte o propio corpo e o do resto das persoas, respecte as diferenzas e utilice a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Traballar esta competencia nas seguintes áreas: Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, Lingua estranxeira, Coñecemento do medio natural, social e cultural, Educación artística, Educación física e Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.

## **MATERIAS TRANSVERSAIS.**

Buscar deseñar como tratar nas diferentes áreas, materias ou módulos, a educación moral ou cívica, a educación para a paz, a igualdade de oportunidades entre sexos, a educación ambiental, a educación sexual, para a saúde e calidade de vida, a educación para o lecer, a educación do consumidor e a educación viaria.

Promover as medidas necesarias para que o profesorado nas distintas áreas, materias ou módulos desenvolva actividades que estimulen o interese e hábito de lectura e a capacidade de expresarse correctamente en público así como o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

### **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .**

Marcar os principios da liña de actuación: Inclusión; Normalidade.

Marcar as actuacións educativas dirixidas a : dar resposta ao alumnado con diferentes capacidades; dar resposta ao alumnado con diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.

Dar atención temperá ao alumnado: que presenta necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou que presenta condicións persoais ou de historia familiar.

Tomar medidas de atención : **Para alumnos e alumnas con dificultades de aprendizaxe:**

Apoio dentro do grupo ordinario.

Apoio ocasional fóra do grupo ordinario.

Agrupamentos flexibles.

Desdoblamento do grupo.

Oferta de materias optativas ( francés-inglés).

Integración de materiais en ámbitos.

Programas de diversificación curricular.

Programas de tratamento personalizado.

Adaptacións do currículo.

Tomar medidas de atención: **Para alumnos de incorporación tardía ao sistema educativo:**

Programas de inmersión lingüística simultáneo á escolarización nos grupos ordinarios.

Escolarización nun ou dous cursos inferiores ao que lle corresponda por idade.

Tomar medidas de atención: **Para alumnos con altas capacidades:**

Anticipar un curso ao inicio da escolarización ou reducir a súa duración.

Tomar medidas de atención: **Para alumnos con necesidades educativas especiais:**

Adaptacións curriculares.

Manter a equidade na educación ( LOE Título II, Capítulo I ): **Para alumnado con necesidade específica de apoio educativo (neae):**

Alumnado que presenta necesidades educativas especiais.

Alumnado con altas capacidades intelectuais.

Alumnado con integración tardía ao sistema educativo español.

## **PRIORIDADES.**

Alcanzar acordos e fomentar a coordinación para a concreción curricular, proxectos, normas de organización e funcionamento, convivencia, metodoloxía, actividades...

Revisar e manter ao día o noso proxecto educativo e os distintos proxectos e plans que conforman a nosa oferta educativa.

## DECISIÓN DO CENTRO SOBRE OS DEBERES ESCOLARES

Na Disposición adicional terceira, do DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expónse que:

1. Os centros docentes poderán incluír dentro da súa programación xeral anual, segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, de xeito que entronque co adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.

2. No caso do seu establecemento, terase en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao tempo fomentárase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

O claustro de profesorado do Ceip A Maía, reunido en sesión ordinaria, acordou no curso 2015/16 o seguinte en relación aos deberes escolares:

Deixar aberta a posibilidade de propoñer deberes ou tarefas ao alumnado para realizar en horario extraescolar sempre que sexan para:

- Completar tarefas que non se remataron na clase
- Realizar algúns exercicios de reforzo.
- Buscar información para traballos propostos no centro.
- Realizar esquemas, resumos ou mapas.
- Estudo dos contidos traballados na aula.
- Lecturas

O profesorado coordinará a través do titor/a para que non se acumulen tarefas de diferentes materias no mesmo día.

## PROXECTO EDUCATIVO DO CEIP A MAÍA

Recoméndase ter en conta a idade do alumnado, a extensión das tarefas propostas e o momento do calendario.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES OFERTADAS PARA INFANTIL E PRIMARIA

En xeral podemos dicir que todas as actividades indicadas están encamiñadas a fomentar unha serie de valores entre os que cabe destacar: - Educar para a paz e a convivencia democrática. - Respecto e comportamento adecuado en lugares públicos. - Fomento da solidariedade. - Defensa e respecto polo medio ambiente. - Consumo responsable.

Actividades ofertadas por:

### 1. Polo propio Centro

- Biblioteca: todos os días, agás os martes, de 16:30 a 18:30 horas.
- Saídas culturais e de lecer.
- Viaxes culturais ao longo do curso.
- Conmemoracións e celebracións (Halloween/Samaín, agosto, Nadal, Paz, semana do Entroido, Semana das Letras Galegas, da Prensa, Día do libro....)
- Animación á lectura no centro e noutros espazos segundo oferta
- Xornada de Acollida para os alumnos de 6º de E.P. no IES de Ames, para coñecer as dependencias e participar en diversas actividades que se organizan coa finalidade de facilitar a súa incorporación ao mesmo o vindeiro curso.
- Actividades deportivas.
- Colaboración e participación na xornada de Portas Abertas
- Calquera outra que xurda e se considere de interese didáctico.

### 2. Pola ANPA Os obradoiros, en función das demandas, poden variar curso a curso.

## OUTROS DOCUMENTOS QUE CONFORMAN O PROXECTO EDUCATIVO

- Normas de organización e funcionamento.
- Proposta pedagóxica de educación infantil.
- Concreción curricular de educación primaria.
- Programacións didácticas de educación infantil e educación primaria.
- Plan de acción tutorial.
- Plan de convivencia
- Plan de atención á diversidade.
- Plan de acollida
- Proxecto Lector de centro.
- Proxecto lingüístico.
- Plan de biblioteca.
- Plan TIC.
- Proxecto de xestión
- Plan de autoprotección.